

Off

Nº19

Investigación Off sobre o sistema nervioso. ¿Son as balas perdidas un sofisticado método de control demográfico? Si, pero ¿que elección pode mostrar a vida sexual secreta duna freira? Por exemplo, esta: o lobo é un arquetipo en perigo de extinción. O obxectivo final dos medios de comunicación é desprogramar o inconsciente colectivo e trocar cada imaxe primixenia por unha fotografía autografada dalgún pallaso famoso ou dalgún famoso pallaso. Nas plateas do imperio austro-húngaro, os cortesáns rifan entre eles por ese pano que a princesa deixa caer discretamente tras de si. Algúns chegan incluso a darse de hostias despois dunha tertulia literaria onde se acaba de analizar o tamaZo, disposición e forma dos embigos implicados. Unha verdade subliminar: a democracia é un estado ilusorio da materia. Pódese acreditar nos extraterrestres, na persistencia da alma despois da morte, no rostro inxenuo de deus, pero non se pode crer, legalmente, na existencia da mafia. O tecido celular dos organismos recibe o nome de pánico. Que moita xente descoZeza esta palabra non implica que o tal tecido non exista. Ben ao contrario, a súa existencia é un dos alícerces diso que chamamos, dun xeito optimista, a vida, palabra esta que moita xente coZece, pero que desprecia na mesma. Un enigma filosófico: ninguén viu xamais cousa semellante. O noso ollar, como o inconsciente colectivo, está a ser reprogramado en clave desol. ¿Fai bo tempo ou é que xa non sentimos a chuva? Off declárase a favor de todos os privados dos santos sacramentos, que é unha forma de contestación gastrodudenal contra o emprego sistemático da aspirina como método de aleccionamento político. ¿Barroco? Non, contrasentido. O eido é o lugar onde un home ten dereito a tirarse os seus propios peidos. Este é o auténtico concepto da liberdade, un concepto groseiro e boca porco, expresado nun ripio coirento e infeliz, mais coa virtude de satisfacer, a un tempo, o anxeo lírico na cabeza e proclamar a verdade noca. Estamos vivos, así que berremosaounísono: ¡viva Padró!

Última liZa. Entrevista a Stanislaw Lem: "Cada unha das minhas reflexións críticas parecía mergullada en mel, envolta nunha autosatisfacción completamente enganosa e paralizadora, e chorreante dun xarope de sentimentos positivos"

Offcontactos: Novaoffensiva@hotmail.com

carLOS sANTIAGO



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soedade Noia. Deseño: Anton Lopo. Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chicho Seoane. Infografía: Teresa Tojo. Fran Domínguez e Alberto Rivadulla. E-mail: Rdi@elcorreogallego.es



Inge Morath



Chamábase Inge Morath e naceu en Austria, en 1923. Foi a primeira muller en entrar na célebre Axencia Magnum. Namorada de España, onde pasou varias temporadas, Morath encontrou no Camiño de Santiago unha vía de expresión artística e espiritual. Froito desta experiencia, son as fotografías que hoxe reproducimos en rEVISTA dAS IETRAS por cortesía da Universidade de Santiago, que no ano 1999 lle dedicou unha exposición.

e

staba en Venecia Inge Morath cando o solpor debuxou un ceo increíble, unha luz indescribible, tanto que sen pensalo chamou por teléfono a Cartier-Bresson a París: "Manda un fotógrafo inmediatamente!" A que foi a primeira muller da axencia Magnum, á que se incorporou no 1953 da man do mítico Robert Cappa, fotografaba o ceo, aquel instante imposible de recuperar, tralo que retratou como ninguén as sociedades e os seus cambios, nas súas múltiples viaxes polos cinco continentes. A Santiago chegou cunha leica colgada ó pescozo, aberta a preguntas— vital e intelixente, como era—, miúda, atlética e de ollos claros. Veu a Galicia primeiro nos anos cincuenta e logo en abril do 1998, tras facer un Camiño de Santiago que a fascinara pola súa paisaxe e espiritualidade. O mal tempo e a falta de peregrinos ó longo da súa viaxe pola Ruta Xacobeana desde Saint-Jean Pied obrigaron a Morath a xirar o seu obxectivo cara á xente de Compostela, os comercios, rúas, o punto de acollida do Camiño. Detalles do itinerario, como as frechas que pretendían guiar o camiñante e o perden ás veces, a actividade na praza de Abastos, a venda de gando en Salgueiriños ou as conversas baixo os soportais das rúas no núcleo histórico dan forma ó seu *Camiño de Santiago*, unha mostra aberta un ano despois na Igrexa da Universidade de Compostela, ilustrada cun texto de Manolo Rivas, que definía as súas imaxes como "ecolóxicas". Dixo ir "ó encontro da imaxe"—arquitectura e paisaxe— anque foi en Santiago onde atopou "a vida". Morath fotografou tamén Irán, Rusia ou China, estudou incluso chinés para coñecer mellor o país, e cando se lle preguntaba ¿por que esa fascinación polo Camiño? contestaba: "É moi difícil explicar por qué unha paisaxe ou un país te atrae máis ca outro pero volvo a España porque me encanta". Morath percorreu o mundo coa súa cámara e os seus traballos esenciais centráronse no que denominou

"culturas nais", China, Rusia e España. Toda a súa obra xiraba arredor da expresión. O Berbés de Vigo por Morath o igual que o mercado de gando de Compostela por Morath entran nese álbum ó completo cos retratos de Giacometti, Picasso, Joan Miró, Henry Moore, Marilyn Monroe, Audrey Hepburn, Yves Saint Laurent, Jean Cocteau e o ambiente cultural neoirquino. Precisamente, fotografando cine coñeceu o seu marido, o dramaturgo Arthur Miller, encargada xunto con Eve Arnold da rodaxe de *Vidas rebeldes* de John Houston, un filme interrompido varias veces para ingresar a Marilyn Monroe, casada con Miller, nun psiquiátrico. Morath era testemuña e cando anos máis tarde se lle preguntou sobre a relación coa que fora a segunda muller do que foi o seu marido apunta: "Eu son unha muller moi distinta a Marilyn. Ela era trágica, sempre intentando aparentar que era feliz cando era profundamente desgraciada. Teño un bo recordo dela. Era unha muller moi cariñosa e boa, pero irremediamente infeliz... Eu son máis independente, nunca fun unha carga", recollese nun artigo asinado por Elsa Fernández-Santos con motivo do seu pasamento o pasado vernes 1 de febreiro. Miller foi compañeiro ata a morte e un dos seus modelos máis retratados. Agora, a editorial Otto Müller-Verlang ten previsto publicar o libro de Morath *Nova York*, que contén fotografías efectuadas neste inverno sobre os "monumentos privados" que fixeron os neoirquinos tralo 11-S.

Nacida en Granz (Austria) en 1923, Inge Morath estudou en Alemaña e Francia, onde trabala amizade con Herni Cartier-Bresson, do que foi axudante tras un período de aprendizaxe durante o que tamén foi escritora e tradutora. Sen embargo, o seu gran lanzamento como reporteira chegoulle en 1953, cando se converte na primeira muller en ingresar na axencia Magnum. As súas múltiples viaxes e o seu especial interese polas artes deu lugar a ensaios fotográficos para importantes revistas como *Life*, *Holiday*, *Paou Vogue*, pero sobre todo para os seus numerosos libros. Froito da súa viaxe a Oriente Medio, por encargo de *Holiday*, foi o libro *From Persia to Iran* e da súa ampla cobertura en España publicou *Festa en Pamplona*.

Retratista de personalidades como Pablo Neruda, Henry Moore, Joan Miró, Jean Arp ou Alexander Calder (recollidos no volume *Aperture portraits* con textos do seu marido, Arthur Miller, en 1986), Morath cubriu a produción de numerosas películas, desde *Mulho vermello* ata *The Uforgiven*, pasando por cintas como *Vidas rebeldes*—durante a que coñecería a Miller, daquela casado con Marilyn Monroe— ou *Taras Bulba*.

Da súa unión con Miller xurdiu tamén unha estreita colaboración que a levou a documentar numerosas montaxes teatrais da que el era o seu autor, incluída *Morte dun viaxante* en Pequín. Do matrimonio, naceu Rebecca, directora e guionista cinematográfica que casou co actor Daniel Day-Lewis.

A súa obra foi obxecto de numerosas exposicións e retrospectivas en distintos museos do mundo, entre elas as que con motivo do seu 75 aniversario lle dedicou Nova York.

SOEDADE NOIA E ANTONIO RODRÍGUEZ



"Rabanal del Camiño" (León)

Sobre a alma sensible

n

a súa *Anatomía da melancolía*, Robert Burton (1577-1640), que foi bibliotecario no Christ Church College de Oxford, distingue dúas compoñentes fundamentais na alma sensible: a aprehensiva e a motriz. "Polo poder aprehensivo percibimos as especies das cousas sensibles—presentes e ausentes—e retémolas da mesma maneira que se imprime un selo na cera. Pola motriz, o corpo desprázase externamente dun lado a outro ou móvese internamente por medio dos espíritos e do pulso". No que atinxe á facultade aprehensiva, Burton diferencia os sentidos externos, que serían os cinco de sempre, pero tamén, se se quere, o da titilación de Scalígero, e os sentidos internos, que serían tres: o sentido común, a imaxinación e a memoria. Poderíase concibir a alma como a tea animada en continuo tecer, dos sentidos externos e internos. Unha antiga crenza, moi común e querida no universo do mundo campesiño, era a da transmigración das almas. Manifestación viva da nosa terra galega é a que xira ó redor do culto a Santo André de Teixido, cara a onde as almas peregrinan en forma de pequenos animais, ós que é necesario respectar porque son almas e incluso poden ser da propia familia. Gústame moitísimo esa crenza tan popular e creo que pode servir de construción tan intuitiva como intelixente para explicar moitas cousas ás que a linguaxe convencional non é capaz de chegar.

Primeiro coñecín parte das súas fotos. Despois coñecina a ela e á súa cámara. Ó falar da alma sensible e da transmigración de almas falo de



Torre de Saint Jacques, en París



Os Pireneos de Navarra

Inge Morath. A fotosíntese. No colexio explicá-bannos como un proceso natural, dunha naturalidade mecánica, o metabolismo vexetal. Pero ese traballo da luz sobre a materia sempre tivo para min unha dimensión e milagre, sen que os profesores conseguisen, senón ó contrario, des-pexar con fórmulas ou misterio. Ese momento fecundo da célula e da luz era a máis típica representación, unha representación festiva, do que chamamos creación. Imaxinemos agora a vida humana, desde a paisaxe do rostro ata aquelas paisaxes onde o que chama a atención (nostalxia ou desolación) é a súa ausencia. Imaxinemos agora a luz, como un ser difuso ás escuras. E imaxinemos, por último, que alguén con algo na man, que é unha prolongación da mirada, consegue fixar ese momento. Velaquí cando aparece en escena Inge Morath.

Eu nunca vira antes a fotosíntese da vida coa marabillosa sinxeleza que se plasma nalgunhas destas fotos.

Para que as almas queden retratadas na cámara de Inge Morath antes foi necesario que a alma de Inge Morath transmigrase a esa cámara, cos seus sentidos externos e internos. Alí está a mirada e tamén a memoria, o oído e o sentido común. E están o olfato, o tacto e o gusto alimentando a imaxinación. E por iso a cámara de Inge Morath é un refuxio universal, unha cabana de pastor solitario aberta, para o amparo de todo o mundo.

Son fotografías da alma sensible. Quen as fai é unha alma, a de Inge Morath, transmigrada á cámara, pero unha alma que se esvaece para recoñecerse nos demais e deixarlles un lugar de acollida.

Díxose que o fotógrafo é un ladrón de almas e así é visto por xente que ó saberse retratada, se sabe explotada, agredida, colonizada, como un filón máis de recursos. Inge Morath non rouba almas. Transmigran. Agóchase na cámara como nun amado e nostáxico lugar. Ou desdóbranse para seren antes e despois.

Hai fotografías que empezan e acaban. As de Inge Morath non acaban nunca, porque son o resultado e o comezo dunha historia. Parece que todas se tomaron nunha especie de Grande Estación, onde o tempo fai unha parada para coller un feixe de luz.

En Santiago, Inge comentou con humor algo que lle quedou moi gravado. A idea do desbaldi-



Gallipienzo, en Navarra



Ponte da Magdalena, en Pamplona



Confrades da Dolorosa, en Logroño



Catedral de León

mento aplicado á fotografía pero que é unha metáfora de moitas parvadas contemporáneas. Refería-se a eses fotógrafos que usan a cámara como unha metralladora ou como unha batedora, gastando sen parar quilómetros de película, sexa o obxectivo un pavo real ou unha autoridade. Contaba Inge como cando se fundou Magnum tiñan os carretes contados para cubrir acontecementos certamente históricos. Cada disparo tiña que ser útil. Esixía un sentido económico, no mellor sentido da palabra, unha administración do tempo e da luz.

Ela traballou e traballa así. Coa condensación e co desbaldimento efémero. Van Gogh tiña que pelexar cada gramo de pigmento. A imaxinación respondía a unha necesidade íntima e rendía ó máximo. E a necesidade tiraba da imaxinación para ter ás e transmigra-lo lenzo.

Como en tantos outros niveis da creación, un dos peores inimigos da fotografía é a retórica, a pedantería, o ruído, a contaminación hiperproductiva. A cámara, nesa disposición, está desalmada. É un instrumento-vampiro que estraga todo canto toca. Unha infantiloide e terrible industria de nadas. Parece que loitan contra o tempo e a luz, que odian esa materia prima como a un obstáculo. É unha especie de fotografía transxénica, un desbaldimento froito da bio-perversidade.

A fotografía de Inge Morath é ecolóxica. Non falo, claro, de temas senón dunha maneira de producir que é crear. A fotosíntese. Un momento de vida que permanece na película coa súa áurea non para morrer senón para revivir con máis intensidade. Sentimos fronte a estas fotos o momento fecundo no que os sentidos externos se cruzan cos internos e brindan unha migalla de historia que é sempre presente, de pasado que está inconcluso, á nosa disposición, para reinventar, como un abalorio da humanidade.

Nadine Gordimer fala diso que chamamos alma como Zona Secreta. É necesario, di, non profanala. E iso é o que está facendo desde hai moitos anos Inge Morath. Retratar, sen profanar, as almas, a Zona Secreta.

Pasará o tempo, cambiará a luz, e as fotos de Inge latexarán como corazóns en celo na póla dunha bidueira.



Manjarín



Peregrino en Santiago



Igrexa de Santiago, en Vilafranca Montes de Oca, Burgos



Cerca de San Felices




No Cebreiro



Tenda de zocos en Santiago



Bonaval



Feira do gando en Compostela

Panatletas da globalidade

O atletismo da globalidade está tal vez por escribir aínda. Se seguen necesitando titáns do mundo sincronizado, almas de alta capacidade no tema da coexistencia. Xa que a existencia está exiliada do seu ser, ¿como coexistimos alomenos cunha xigantesca sociedade de individuos soltos, con centos de millóns de individuos sen raíz? Esta obsesiva preocupación está detrás do auxe espectacular do deporte e ha de ter, así mesmo, o seu correlato olímpico. A superestrela dos estadios ha de axudar a salvar a distancia que se precipita entre os pobres límites da existencia humana e o imaxinario mundial. Igual que as figuras do recente cine plagado de efectos especiais, ha de ser o exemplo *encarnado* da tecnoloxía, os modelos dunha humanidade que é, en si mesma, desde as súas veas e nervos, global. Coa *vedette* do deporte quérese globalizar a médula do home de carne e óso, tendéndose unha ponte entre o cidadán de a pé e a abstracción da maquinaria planetaria, que debe resultar as ser posible entrañable. En todo caso, no sinistra, no "orwelliana". En simetría con outras estrelas, o deportista debe cumprir un dobre papel: representante da globalidade entre a xente e representante do humano na globalidade. E naturalmente cabe, para cubrir esta necesidade, certa diversidade de estilos. A carón duns ídolos deslumbrantes e agresivos, sobreviven personaxes máis discretas, tímidas, igualmente adoradas. Vénnos á memoria, por exemplo, aquel modo tan peculiar que tiña Indurain de estar e non estar na area pública, cunha torpeza e un turbamento case campesíños. Pero, obviamente, non todos os líderes do Tour son así de modestos, así de inmunes ó estrelato.

IGNACIO CASTRO





Outro mundo tamén é posible

Os países occidentais, nomeadamente Estados Unidos, están construídos sobre ideoloxías que, teoricamente, se alicerzan na igualdade anque as propias estruturas destes países produzan e reproduzan desigualdades tanto nestes mesmos países como no estranxeiro. Nun mundo que é cada vez máis global, a chamada ós principios morais universais é unha chamada á coherencia. Sen embargo, son moitos os que se preguntan para quen é esa coherencia ou contra quen. Especialmente preocupante resulta para numerosos colectivos que esa coherencia sexa unha especie de metro-patrón que divide o mundo en dous hemisferios ideolóxicos: os que están de acordo ou os que non. Un metro-patrón que marca a fronteira entre o ben e o mal e que, sobre todo, serve para lexitimar campañas de negación da identidade ós que pensan de xeito diferente. Fronte a este autoproclamado 'pensamento único', colectivos, asociacións e partidos políticos reuníronse a primeiros de febreiro na cidade de Porto Alegre, en Brasil, para debateren as alternativas para conseguir o outro 'mundo posible'. rEVISTA dAS lETRAS contribúe ó debate publicando as últimas reflexións sobre a globalización, as súas perversións e as súas eivas.

Outro mundo

Ante o continuo empeoramento das condicións de existencia dos pobos, nós, os movementos sociais de todo o mundo, reunímonos no II Foro Social Mundial en Porto Alegre contra o neoliberalismo e a guerra

S

omos diversos –mulleres e homes, novos e adultos, campesiños e campesiñas, marifeiros, cidadáns, os e as traballadoras, desempregadas, estudantes, profesionais, migrantes, pobos indíxenas e xente de todas as crenzas, cores e orientacións sexuais. A diversidade é a nosa forza e a súa expresión é a base da nosa unidade. Somos un movemento de solidariedade global, unido na nosa determinación para loitar contra a concentración da riqueza, a proliferación da pobreza e a destrución do noso planeta. Estamos construíndo un sistema alternativo e usamos camiños creativos para promovelos. Estamos construíndo unha alianza ampla a partir das nosas loitas e a resistencia contra o sistema baseado no patriarcado, o racismo e a violencia, que privilexia os intereses do capital sobre as necesidades e as aspiracións dos pobos.

Este sistema supón un drama cotián, onde millóns de mulleres, picaros e anciáns morren por fame, falta de atención médica e enfermidades que se poden previr. Familias enteras son obrigadas a abandonar os fogares a consecuencia de guerras, dos impactos provocados pola imposición de

modelos de desenvolvemento modernizadores, a perda das súas terras agrícolas, os desastres ambientais, o desemprego, o debilitamento dos servizos públicos e a destrución da solidariedade comunitaria. Tanto no Sur coma no Norte loitas combativas e resistencias reivindicando a dignidade da vida.

Os acontecementos do 11 de setembro marcaron un cambio dramático. Despois dos ataques terroristas, que condenamos completamente, así como condenamos os demais ataques sobre poboación civil noutras partes do mundo, o Goberno dos Estados Unidos e os seus aliados promoveron unha resposta militar masiva. En nome da "guerra contra o terrorismo", vulneráronse dereitos civís e políticos en todo o mundo. A guerra de Afganistán, na que se empregaron métodos terroristas, estase expandindo a outras fronteiras. Non é máis que o inicio dunha guerra global permanente que consolida a dominación do goberno dos Estados Unidos e dos seus aliados. Esta guerra revela a cara brutal e inaceptable do neoliberalismo. Satanízase o Islam, ó tempo que se exagera intencionadamente o racismo e a xenofobia. E os medios de comunicación e a información promoven un ambiente belicista, dividindo o mundo en "bos" e "malos". A oposición á guerra é unha parte constitutiva da nosa loita.

A situación de guerra continúa desestabilizando a rexión do Oriente Medio, dando pretextos para a represión contra o pobo palestino. Mobilízase solidariamente coa xente de Palestina e as súas loitas pola autodeterminación do seu pobo fronte á brutal ocupación promovida polo Estado israelí é unha das tarefas fundamentais do movemento. Isto é vital para a seguridade colectiva de todos os pobos na rexión.

Outros feitos confirman tamén a urxencia da nosa loita. En Arxentina, a crise financeira froito do fracaso da política de axuste estrutural do FMI e unha débeda crecente xeraron unha crise social e política. Esta crise provocou protestas espontáneas entre as clases traballadoras e medias, contestada con represión que provocou mortes, cambios no goberno e novas alianzas entre diferentes grupos sociais. Coa forza dos *cazoalazos*, o pobo esixiu a satisfacción das súas demandas.

A quebra da transnacional Enron exemplifica a bancarrota da economía de casino e a corrupción de empresarios e políticos, deixando os e as traballadoras sen emprego nin pensións. Esta transnacional operaba con empresas fantasmas e fraudulentas nos países en desenvolvemento e os seus proxectos provocaron a expulsión de pobos enteiros das súas terras e promoveron a privatización da electricidade e da auga.

O goberno dos Estados Unidos de América, na súa cobiza por protexer os intereses das súas grandes empresas, negouse con arrogancia a respectar os acordos de Quioto sobre o quencemento global, os Tratados Antimisísiles e Antibalísticos, a Convención sobre a Biodiversidade, a Conferencia da ONU contra o racismo e a intolerancia, a proposta de reducir as armas pequenas e outros tratados internacionais que demostran unha vez máis que o unilateralismo dos Estados Unidos subverte os esforzos de atopar solucións multilaterais a problemas globais.

En Xénova, o G-8 fallou completamente no seu labor autoasignado dun goberno global. Ante a resistencia e a masiva mobilización popular, respondeu con violencia e represión, denunciando como criminais a quen se atreveu a protestar. Non obstante, non lograron amedrentar o noso movemento.

E todo isto dáse nun contexto de recesión mundial. O modelo económico neoliberal está destruindo de xeito crecente os dereitos e condicións de vida dos pobos. Empregando calquera método para protexer o valor das súas accións, as transnacionais realizan despedidos masivos, reducen salarios e pechan empresas, espremindo a derradeira pinga de sangue dos traballadores e das traballadoras. Os gobernos enfrontados á crise económica responden con privatizacións, recorte de gastos sociais e redución de dereitos laborais. Esta recesión amosa a mentira do neoliberalismo e as súas promesas de crecemento e prosperidade.

O movemento global pola xustiza social e a solidariedade enfrontase a enormes retos: a súa loita pola paz e os dereitos sociais implica superar a pobreza, a discriminación, a dominación e obriga a traballar por unha sociedade sustentable.

Os movementos sociais condenamos a militarización da resolución de conflitos, a proliferación de guerras de baixa intensidade, así como as operacións militares expostas no Plan Colombia como parte da iniciativa rexional andina, o Plan *Puebla Panamá*, o tráfico de armas e o incremento dos gastos militares. Os bloqueos económicos contra pobos e nacións, en particular contra Cuba pero tamén Iraq e outros países e o aumento da represión contra sindicalistas e activistas.

Apoiamos a loita sindical das e dos traballadores formais e informais e apoiamos os sindicatos comprometidos na loita pola defensa dunhas condicións dignas de traballo e de vida, os dereitos xenúinos de organización, folga, e o dereito a negociar contratos colectivos nos distintos niveis para lograr equidade nos soldos e condicións de traballo entre mulleres e homes. Rexeitamos a escravitude e a explotación dos ne-

nos. Apoiamos as súas loitas en contra da flexibilización, subcontratación e despedidos, e demandamos novos dereitos internacionais que regulen o emprego das compañías transnacionais e as súas empresas asociadas, en particular, o dereito de sindicarse e dispoñer de contratos colectivos de traballo.

A política neoliberal empurráranos a unha maior pobreza e inseguridade. Pobreza e inseguridade que xera tráfico e explotación de mulleres e nenos, que condenamos enerxicamente e empurra a millóns de seres humanos á emigración, vendo negadas a súa dignidade, liberdade, dereitos e legalidade, polo que demandamos o dereito ó libre movemento, á integridade física e a un estatuto legal nos países de traballo. Defendemos os dereitos dos pobos indíxenas e o cumprimento do Convenio 169 da OIT.

Os países do Sur pagaron moitas veces a súa débeda externa. Unha débeda ilexítima, inxusta e fraudulenta, que funciona como un instrumento de dominación privando as persoas dos seus dereitos humanos fundamentais e coa única meta de aumentar a usura internacional. Esiximos a súa cancelación incondicional, así como a reparación das débedas históricas, sociais e ecolóxicas. (...)

Os pobos teñen o dereito a alimentos sáns e permanentes sen organismos xeneticamente modificados. A soberanía alimentaria no ámbito nacional, rexional e local é un dereito humano básico.

O cumio de Doha confirmou a ilexitimidade da OMC. A suposta *Axenda de Desenvolvemento* só defende intereses transnacionais. Mediante unha nova Rolda de negociacións, esta institución avanza no seu obxectivo de converter todo en mercadería. Para nós os alimentos, os servizos públicos, a agricultura, a saúde, a educación e os xenes non poden ser patentados. Rexeitamos calquera tipo de comercio e patentes sobre a vida. A OMC perpetúa esta axenda, no eido planetario, mediante tratados de libre comercio rexional e acordos sobre investimentos. Mediante a organización de protestas, amplas manifestacións e plebiscitos contra o ALCA, os pobos denunciamos estes acordos como unha recolonización da rexión e a destrución dos dereitos e valores fundamentais sociais, económicos, culturais e ambientais.

Chamamos a reforzar a nosa alianza mediante o impulso de mobilizacións e accións comúns pola xustiza social, o respecto dos dereitos e liberdades, a calidade de vida, a equidade, o respecto e a paz.

.....
Texto final dos movementos sociais reunidos en Porto Alegre.

É posible

O segundo foro de Porto Alegre ratificaba algo xa recoñecido como ideário no primeiro: o suxeito transformador do mundo é diverso e plural mais tamén o método de traballo e, polo tanto, o xeito de facer as cousas era igualmente nova

cial, dereitos humanos, paz, democracia, diversidade, povos-nacións, soberanía.

[Suxeito transformador]

m

milieiros de voces entoaron, o día cinco de febreiro en Porto Alegre, a un só ritmo de samba esta cantiga: "Un outro mundo é posíbel se a xente quixer". Remataron así as xornadas de traballo, debate, de seminários, de conferencias, de testemuñas. As sesións foron unha posta en comun sobre temas como o dereito á auga, á saúde, á educación, á alimentación, á paz, á erradicación da violencia e á non discriminación. Neste grande foro democrático, falando en linguas diferentes, as ideas eran as mesmas: xustiza so-

O segundo foro de Porto Alegre ratificaba algo xa recoñecido como ideário no primeiro: o suxeito transformador do mundo é diverso e plural mais tamén o método de traballo e, polo tanto, o xeito de facer as cousas era igualmente nova. A alegría, a felicidade, a esperanza baseadas no diálogo e a utopia, buscada sempre pola humanidade como meio de vida mellor, eran o método de traballo en Porto Alegre. Quizais o sol do verán, a vexetación frondosa do estado gaúcho, a alegría de vivir das xentes de Porto Alegre se nos transmitía aos e ás que ali estabamos. No estado de Roo Grande do Sul máis de 100 concellos, e tamén o propio goberno do estado, viven día a día na práctica as ideas que elabora e transmite ao mundo o Foro Social Mundial: participación popular e solidariedade para a construción dun mundo en paz.

Esta alternativa real e práctica valoran-na aínda máis os seus homes e mulleres xa que teñen en fronte un estado, o arxentino, onde aparece o rostro dramático máis visíbel do neoliberalismo feroz que a globalización propón. Este II Foro Social Mundial tivo tamén nas súas sesións de traballo un foro




parlamentar, un foro de responsábeis de gobernos locais co obxectivo de conseguir que as cidades sexan espazos democráticos de convivencia e xustiza social e un foro da comunidade.

Ali estivemos máis de 80.000 persoas dos cinco continentes e no que as mulleres ocupamos un papel preponderante. Traballamos con rigor e seriedade, aprendimos a respeitarnos e querernos mellor na nosa diversidade. Cumpre agora que esta semente de froito na esperanza viva de construír un outro mundo e que as persoas sexan os suxeitos do seu destino. Mentres camiñamos até o 2003, nova cita do Foro en Porto Alegre, cumpre aplicar o espírito da palabra no traballo cotiá.

ENCARNA OTERO

Neste texto, Encarna Otero, delegada do BNG no II Foro Social Mundial de Porto Alegre, pasa revista á súa experiencia no foro. O resto dos textos que forman este monográfico teñen distinta procedencia. O de James Petras procede das reflexións formuladas na pasada edición da Semana de Filosofía de Pontevedra, recollidas nun libro por Xerais, o igual que os de Barreiro Rivas, Herminio Barreiro e Miguelanxo Prado. O de Talbo provén da presentación do seu libro 'Cien preguntas sobre el nuevo desorden'. O de Arundhati Roy é unha reflexión da escritora incluída na revista virtual rebelion.org. O de Chomsky está incluído no seu libro 'Estados Canallas' (Paidós) mentres que o partado das organizacións galegas foi elaborado por Soedade Noia e Antonio Rodríguez. A contraportada é unha tradución o galego dun parágrafo do libro do filósofo galego Ignacio Castro, titulado 'La explotación de los cuerpos' (Debate).



James Petras: A realidade do imperialismo continuou só que é máis disimulada

"No período anterior á revolución bolchevique de outubro de 1917, o imperialismo entendíase como o sistema euroamericano do dominio colonial de África, Asia e Latinoamérica. Os estados coloniais e o capital euroamericano e xaponés traballaron man a man para conquistaren terras e pobos. Os países dominantes aceptaron a súa designación de poderes imperiais como un signo de prestixio, pertencentes a un Gran Poder. Despois das revolucións comunistas, o agromar dos movementos de liberación nacional e o esmorecemento dos poderes imperiais fascistas, a etiqueta *imperialista* quedou desacreditada. Asociábase con pillaxe e dominación. Por diferenza ás sensibilidade democráticas de Occidente, e a causa das revoltas no Terceiro Mundo, a práctica do imperialismo disfrazouse e emerxeu un novo vocabulario de *régimes poscoloniais, países en vías de desenvolvemento e países desenvolvidos*. A realidade do imperialismo continuou, só que agora se volveu máis disimulada.

Hoxe en día o exercicio das intervencións militares imperiais imita o pasado. Durante o período colonial, a ocupación e saqueo euroamericano dos continentes xustificábase coa desculpa de levar a *civilización occidental*. Hoxe as guerras de agresión e ocupación militar xustificábase coa desculpa de seren *misións humanitarias*. No pasado, o mito imperial era o *descubrimiento de novas terras*; hoxe o mito de *invación mediante invitación* (enviada por clientes locais). No pasado, piratas, aventureiros e oficiais de comercio subornaron, engaiolaron e recrutaron a xefes locais e líderes de tribos para traizoaren a súa xente e colaborar co imperio. Hoxe en día as *axencias de intelixencia* participan en operacións encubertas nas que adestran exércitos de mercenarios, montan *gobiernos no exilio* e provengan dun quión onde declaran a súa nacionalidade e afirman o seu dereito á autodeterminación. O que os ideólogos imperiais consideran autodeterminacións nacionais léxitimas é a ruptura de nacións e a creación de minirégimes clientelares dependentes do imperio. Os movementos nacionais *flexí-timos* son aqueles que afirman a súa independencia do imperio. No pasado, as ordes relixiosas e as autoridades coloniais comprometéronse co adoutramento ideolóxico dos pobos escravizados. Hoxe os medios de masas, o sistema de *educación superior*, e as organizacións non gubernamentais financiadas polo imperio xunto coa propaganda do Vaticano proporcionan a mensaxe ideolóxica que describe a subordinación como *modernización*, a recolonización como *globalización* e a especulación financeira como a *era da Información*. Hoxe, a diferenza do pasado, o poder imperial penetra en cada área xeográfica e en todos os aspectos da vida socioeconómica. As multinacionais e os bancos participan na dominación non só dos produtos, mercados financeiros, as redes de comercio internacional e as máis importantes do doméstico, senón tamén na manipulación xenética de comida, a produción de masas e a mercadotecnia dos *productos* culturais. Os altos mandos das forzas armadas dos países sometidos proveñen dos cuarteis xerais de Euro-América. O signo de éxito cultural e educativo é ser *certificado, recoñecido e financiado* polos líderes culturais nos centros culturais do imperio euroamericano. O imperialismo é un fenómeno con moitas facetas".



Herminio Barreiro: "Hai o temor de que as culturas sucumban e desaparezan"

"Á vista das protestas en contra da Organización Mundial de Comercio e do Fondo Monetario Internacional está claro que agroma unha corrente de revoltas e de pensamento radical que pon de manifesto o rexeitamento ao sistema, ou cando menos a demanda de reformas de certa profundidade que teñen que ver coa visión da cidadanía respecto do reparto da riqueza, da conservación do medio e dos dereitos sociais (educación, traballo, saúde, cultura), que non desexan ver convertidos en mercadorías. Segundo Juliet Beck (coordinadora do Proxecto Democracia Global e organizadora das protestas contra o BM e FMI), estes movementos teñen como obxectivo derrubar o mito de que estas institucións baseadas no pago de impostos alivian a pobreza do planeta e contribúen ao desenvolvemento dos países pobres. De feito, di a Sra Beck, nos últimos 50 anos os proxectos do BM levarán á destrución do ecosistema e causaron un sufrimento incalculable, mentres que as políticas do FMI acentuaron a pobreza ao requiriren recortes nos servizos sociais para cumprir cos programas económicos establecidos e están a converter os países subdesenvolvidos en *colonias* das corporacións multinacionais, servíndose de man de obra barata e sen límites no uso dos recursos naturais. Estes movementos aspiran a democratizar a economía para que os afectados polas políticas económicas poidan facerse escoitar na procura dun desenvolvemento sostido. Claro está é difícil opoñerse ao proceso globalizador porque implicaría a inútil pretensión de negar a realidade, pero do que si se pode estar en contra é do xeito concreto no que se está a levar á práctica. É preciso levar a cabo unha análise profunda de todas as súas facetas e manterse especialmente atento e crítico coas posibles consecuencias negativas da globalización tal e como está a producir no campo da economía, pero tamén no da política e no da cultura. Ademais des plano económico, que para algúns é o máis importante, hai outros ámbitos nos que se están a producir efectos negativos no marco da globalización, tamén producen incertidume e conflitos e teñen que ver máis especificamente co ámbito da cultura. Referímonos, concretamente á creación de novos escenarios de comunicación e interacción para os individuos en canto a reordenación do espazo e do tempo; cambios que teñen que ver coas novas tecnoloxías aplicadas á comunicación e á difusión e distribución da información que están a alterar substancialmente a experiencia vital das persoas. Ademais estas mudanzas van afectar, ou ao menos así o percibe a xente, á cohesión social, á integración moral da sociedade, á posibilidade de quedar atrás ou á marxe dos cambios das interrelacións humanas, e por suposto, a aquilo que ten que ver coa comunidade e as identidades diferenciadas. A cultura, desde un punto de vista amplo, fai referencia aos modos de vida e ás pautas de comportamento, aos valores e normas dos individuos dentro dunha sociedade e establece pontes entre o pasado, presente e futuro. A cultura é un elemento de integración, de identificación, de cohesión e mesmo de diversidade, e a preocupación xorde do temor de que sometidas á presión uniformizadora da globalización, as culturas locais, rexionais e nacionais sucumban e desaparezan.



Barreiro Rivas: "O proceso globalizador impónsenos dun xeito inexorable"

"Sen rendérmonos de todo á novidade dos fenómenos que suñan o cambio do milenio, é evidente, sen embargo, que o actual proceso de globalización ten algunhas características que lle son propias, e que nos permiten sentilo e analízalo como algo singular. E nese senso debemos destacar as seguintes: 1. Os novos e potentes instrumentos tecnolóxicos do cambio, que permiten superar a velocidade das transformacións culturais e obrigan a antepoñer a facticidade dos procesos á expresa vontade dun cambio real (Clarke, 1996; Castells, 1996). 2. Unha obrigada inserción nos cambios que caracterizan o tránsito do milenio (Giddens, 1997), xa que non é posible, en termos racionais, abstraerse totalmente a este proceso. 3. A íntima coherencia entre a estrutura do proceso productivo (mundialización económica) e a estrutura do cambio cultural (globalización cultural, política e social) que, ademais de fortalecer o proceso, alenta unha interpretación da globalización como instrumento vicario dos intereses económicos (Geroje, 2000; Jarauta, 2000). 4. Unha crecente desigualdade inherente ao sistema, que, afectando a todos nalgúns aspectos, favorece de feito as poucas sociedades que teñen suficiente capacidade para investiren en tecnoloxía e para aplicaren as súas vantaxes ao proceso productivo (Gurtov, 1990). 5. Unha forte incidencia das tecnoloxías no mundo da comunicación e da cultura, que determina unha desactivación progresiva dos tradicionais elementos de autoidentificación e diferenciación social, e unha consecuente sensación de homoxeneización cultural que opera en detrimento das comunidades máis febles e dos grupos minoritarios (Borja e Castells, 1998). 6. Unha substantiación conceptual da globalización, que deixa de ser percibida como síntoma para converterse nunha explicación etiolóxica do proceso. A percepción sincrónica do fenómeno globalizador, que é analizado, impulsado e instrumentado ideoloxicamente, resólvese con frecuencia nunha inversión da relación causal entre os cambios económicos e os cambios sociopolíticos. Coas características expresadas, a globalización preséntase-nos como o contexto inexorable do próximo chanzo histórico. Lonxe de ser amigable como unha opción determinada entre outros vieiros posibles, consciente ou subconscientemente aceptada por amplísimos sectores sociais, o proceso de globalización impónsenos de forma inexorable, como unha consecuencia directa de certos cambios, previamente asumidos, que xa se teñen operado nas estruturas productivas, nos modelos de intercambio de bens e servizos e nas ferramentas tecnolóxicas masivamente empregadas no proceso de comunicación e da información. Por iso hai que ser conscientes do pouco senso que ten o debate sobre *globalización* en tanto que alternativa de progreso mentres se afianza a necesidade de analizar os efectos que terá a globalización sobre as identidades colectivas, ou qué consecuencia pode producir o que xa se albisca como unha drástica redución da pluralidade estrutural das sociedades (Ramonet, 2000).



Prado: Os efectos perversos non desaparecerán por mantermos fóra de xogo

"Se entramos nas consideracións económico-sociais, coñecemos xa exemplos dando para termos os efectos perversos deste proceso globalizador. Na cabeza de todos están conceptos como uniformación, colonización cultural, control económico multinacional... É fundamental, por suposto, ser conscientes destes perigos. Pero sería absurdo negar que eses procesos están en marcha xa desde moito antes de producirse a revolución tecnolóxica que propiciou o que hoxe chamamos globalización. Estas vías mundiais de comunicación poden servir para propoñer aos cidadáns dos países desenvolvidos unha ética xusta cara ás relacións cos países pobres (por exemplo) ou para alargar as mentes con produtos banales que favorezan a consolidación dunha masa social acrítica. Poden facilitar a reafirmación de culturas minoritarias ou servir de nova vía de colonización para as culturas poderosas. Non é problema da globalización, senón da catadura ética de votantes e gobernantes, da capacidade que teñamos como sociedade para asumirmos a responsabilidade do uso correcto desas tecnoloxías, e da capacidade de control que queiramos aceptar para limitarmos o desmedido e cego apetito do xa hexemónico sistema capitalista. A batalla é vella. As novas ferramentas poden servir para fins contrapostos. É responsabilidade da sociedade que as crea darlles un uso correcto. Precisaremos de algo máis de tempo para termos unha certa perspectiva, pero, polo que levamos visto, o carácter anárquico e dificilmente controlable deste novo sistema de comunicación faino incómodo para o sistema e, aparentemente, favorecedor da diversidade. Desde un enfoque estratéxico, Galiza non pode perder a capacidade de uso desas novas ferramentas. O abismo que se abrirá entre os países que incorporen estas novas tecnoloxías e os que queden *descolgados* fará parecer ridículo o que xa xurdiu entre países industrializados e os que ficaron como produtores de materias primas. Galiza ten nestas tecnoloxías unha importante oportunidade de afirmarse como realidade sociocultural e de minimizar un illamento no que, por razóns xeográficas, estivo tradicionalmente sumida. (...) Desde o punto de vista da creación, sendo como somos unha cultura minoritaria, a renuncia á que vai ser principal canle de comunicación dos vindeiros decenios, equivalería á práctica desaparición ou ao confinamento dentro das nosas fronteiras como mera anécdota ou curiosidade etnográfica. Sen esquecer que, como case sempre, as novas tecnoloxías e os novos medios de comunicación traen aparellados novas formas de creación e novos soporte culturais e artísticos. Se non hai creadores galegos que poidan e queiran utilizar eses novos soporte e que desenvolvan o seu traballo dentro desas novas linguaxes, achegando os nosos particulares xeitos de utilizalas, teremos un novo e dramático baleiro que engadir ao noso currículo cultural.



Taibo advirte dese “cabalo desbocado que escapará ó control e ós intereses”

O escritor Carlos Taibo cuestiona abertamente a orde internacional contemporánea no seu novo ensaio sobre a globalización neoliberal, que o autor define como “un cabalo desbocado que vai escapar ó control e ós intereses” dos que hoxe se benefician dese proceso. *Cien preguntas sobre el nuevo desorden*, publicado por Punto de lectura, reflexiona sobre o proceso de globalización de forma “pedagóxica”, e analiza “non só a globalización económica” senón os grandes fluxos das relacións internacionais “de maneira crítica”, dixo o autor. Con este novo ensaio, Taibo quiere subliñar que a globalización “non produce máis vantaxes, senón que ratifica algúns dos fluxos máis negativos que coñecemos ó longo do século XX”. “É unha reflexión que pretende acercarse ó coñecemento da política internacional e os seus problemas, como son a globalización, a posición hexemónica dos EEUU ou a pobreza”, entre outros, destaca o escritor. Carlos Taibo recoñece que a súa nova entrega contén unha “lectura política radical deses problemas, quizais de forma moi nesgada e comprometida, que cuestiona abertamente a orde internacional contemporánea”. “Se o planeta mantén as regras imperantes lanzámonos a un panorama tétrico e non só para os que padeceron tradicionalmente as regras do xogo”, denuncia Taibo. O escritor advirte que se entregará ás xeracións futuras un mundo “manifestamente inhabitable”, polo que opina que hai que articular movementos que desde a sociedade civil “cambien moitos dos fluxos dominantes. Hai que establecer regras do xogo obxectivas que impidan que unha potencia como EEUU se atribúa o dereito ilimitado de intervención sen restricción en canto ós métodos, o tempo ou o o espazo”, afirma o escritor, e engade que é necesario ademais aumentar “sensiblemente” os fluxos de axudas dos países desenvolvidos ó Terceiro Mundo. O problema grave de explotación laboral, a falta de horizontes de futuro, e en último termo a percepción xeral de que as nosas sociedades son inxustas, explica o escritor, provocan que parte dos cidadáns busquen consolo en actividades como o alcohol ou o xogo. “Non produce unha situación explosiva senón de desidia nun gran número dos individuos”, reclama o autor, dado que a maior parte da poboación “pasa e non lle importan cuestións como a guerra de Afganistán, que considera moi afastada”. A sociedade está “moi pouco ligada a mostrar adhesións ou rexeitamentos por nada”. Os movementos de resistencia globais “nutrense de persoas de máis de 40 anos e menos de 20”, di Taibo, para quen “hai unha xeración que irrompe, que empeza a romper un pouco con esta lóxica da desidia” e que manifesta “outro tipo de inquietudes e preocupacións”. A mala imaxe dos grupos antiglobalización “está cambiando”, sinala o escritor, xa que a prensa está asumindo o papel de que “ten a responsabilidade de trasladar unha mensaxe distinta ó resto da sociedade”. “Fálase da violencia dos movementos antiglobalización”, destaca Taibo, e eso permitiu que desde determinados círculos mediáticos “se demonice colectivamente a estes grupos e se esquezan da violencia que provocan os estados”. Respecto dos nacionalismos Taibo cre que estes procesos “están inevitablemente unidos”, debido a que “frente a unha globalización arrasadora que xera uniformidades, son razoables movementos de resistencia que procuran manter en pé identidades culturais”.



Arundhati Roy: ¿Deixámolo nas mans dos expertos?

“¿Qué é a globalización? ¿Para qué serve? ¿Qué lle vai facer a un país como a India, no que a desigualdade social foi institucionalizada no sistema de castas durante séculos? Un país no que 700 millóns de persoas viven en áreas rurais. No que un 80% da propiedade da terra é en pequenas granxas. No que 300 millóns de persoas son analfabetas. ¿Van sacar a India do boedo estancado da pobreza, do analfabetismo e do fanatismo relixioso mediante a corporativización e a globalización da agricultura, da subministración de auga, da electricidade e das materias primas esenciais? ¿É de verdade o camiño futuro o desmantelamento e a subhasta da complicada infraestrutura do sector público, desenvolvido con cartos públicos durante os últimos cincuenta anos? ¿Vai pechar a globalización a brecha entre os privilexiados e os desfavorecidos, entre as castas altas e as castas baixas, entre os educados e os analfabetos? ¿Ou vai darlles ós que xa teñen unha vantaxe de séculos unha amigable man de axuda?”

¿Ten que ver a globalización coa “erradicación da pobreza do mundo” ou é unha variedade mutante de colonialismo, operada por control remoto e dixital? Son preguntas inmensas, polémicas. As respostas varían segundo se proceden das aldeas e dos campos da India rural, das barriadas e chabolas da India urbana, das salas de estar da floreciente clase media ou das salas de directorio das grandes empresas. Actualmente a India produce máis leite, máis azucre e máis cereais alimenticios que nunca antes. E a pesar diso en marzo do 2000, xusto antes da visita do presidente Clinton á India, o goberno indio levantou as restricións de importación de 1.400 materias primas, incluíndo leite, cereais, azucre, algodón, té, café e aceite de palma. Esto a pesar do feito de que había abundancia no mercado destes produtos.

Desde o 1 de abril de 2001 –o día dos (Santos) Inocentes [nos países anglosaxóns], segundo os termos do seu acordo coa Organización Mundial de Comercio, o goberno indio tivo que reducir as súas restricións cuantitativas de importacións. O mercado indio xa está inundado de importacións baratas. Anque a India é tecnicamente libre para exportar os seus produtos agrícolas, na práctica a maior parte non pode ser exportada porque non corresponde ós “estándares ecolóxicos” do Primeiro Mundo. (...) Necesitamos “comercio, non axuda” é o berro unificador dos cabezas da nova Aldea Global, cos seus cuarteis nas brillantes oficinas da OMC. Os nosos colonizadores británicos desembarcaron na nosas praias hai uns séculos, disfrazados de comerciantes. Todos recordamos a East India Company. Esta vez, o colonizador non siquiera precisa unha presenza simbólica branca nas colonias. Os presidentes de compañías e os seus homes non necesitan molestarse percorrendo os trópicos, arriscándose a contraer malaria, diarrea, ter unha insólita ou sufrir unha morte prematura. Non ten que manter un exército ou unha policía, ou preocuparse por insurreccións e motíns. Poden ter as súas colonias e boa conciencia.



Varios colectivos mobilízanse dende Galicia por unha Europa alternativa

Distintas organizacións galegas levan desde hai tempo esculcando as estratexias que poidan invertir o camiño da globalización. Entre elas, figura a *Plataforma Galega por unha Europa Alternativa*, constituída por mor da reunión de ministros do Interior da UE en Compostela, e Attac-Galicia, de recente creación. Tamén a asociación cultural Redes Escarlata ofrecen na súa páxina web *redesescarlata.org* manifestos, información diversa e unha entrada sobre a súa postura respecto da globalización. Attac-Galicia en concreto denunciou, en vésperas da inauguración do Cumio de Compostela e como resultado dos debates e reflexións de Porto Alegre, o gran perigo da globalización: “a creación de dous mundos: un de ricos e outro para os demais”. Entre algunhas das medidas de Attac, figura a solicitude de erradicación de paraísos fiscais como os Mónaco, Andorra, Xibraltar e as Illas Caimán. De Porto Alegre, saíntaron puntos fundamentais que acentúan as diferencias entre os estamentos, como a desigualdade existente no acceso ás novas tecnoloxías, a necesidade da negociación da débeda externa, así como a protección do medio ambiente e dos recursos naturais, aspecto este último que atopou na negativa de Estados Unidos a asinar o protocolo de Quioto un das súas máis radicais ameazas. Outro dos puntos que preocupa especialmente a Attac é a delicada situación que está a vivir o sistema político occidental que, en palabras dos representantes da organización “cada vez ten menos credibilidade fronte á cidadanía, que cuestiona permanentemente todas as institucións”. É un sistema que se achega “a un punto perigoso porque acrecenta a polarización e a globalización”. O mellor expoñente da actual situación que está a vivir o planeta sería Argentina, “testemuño de cargo do capitalismo actual, ó que se lle impón unha orientación económica que a leva ó desastre”. Unha dinámica, en calquera caso, que preocupa tanto a Attac como ás propias Redes Escarlata polo anuncio que supón do recorte das liberdades. Tamén con motivo da reunión de Ministros de Interior e Xustiza –ata o venres en Compostela– un grupo de escritores e intelectuais galegos quixeron manifestar a través dunha carta aberta a súa preocupación “polo recorte que as liberdades individuais e colectivas terán no futuro coa xustificación de previr e penalizar actividades como o terrorismo”. Académicos como, o filólogo Antón Santamarina ou o teólogo Torres Queiruga, os catedráticos de Universidade Xosé Luis Barreiro Barreiro, Xusto Beramendi, Marcial Gonsar, o pedagogo Herminio Barreiro, o intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo ou o dramaturgo Vidal Bolaño, son algúns dos que remitiron esta carta respaldada por un cento de sinaturas. (Na foto, o avogado Oscar Fernández Refoxo, o escritor Xosé Chao Rego, o profesor Marcial Gondar e o dramaturgo Roberto Vidal Bolaño)



Noam Chomsky volve sobre o imperio da forza en ‘Estados Canallas’

“Un punto de partida: as debatidas exposicións de liberdade e dereitos, ou soberanía, e a medida en que deben validarse. ¿Son inherentes ás persoas de carne e óso ou só se aplican a pequenos sectores de riqueza e privilexios? ¿Ou aplicanse incluso a construcións abstractas como corporacións ou capital ou Estado? No século pasado a idea de que esas entidades tiñan dereitos especiais, por riba das das persoas, foi defendida con firmeza. Os exemplos máis prominentes son o bolchevismo, o fascismo e o corporativismo privado, que é un xeito de tiranía privatizada. Dous destes sistemas colapsáronse. O terceiro está vivo e florece baixo o estandarte do Non Hai Ningunha Alternativa: non hai alternativa ós sistemas emerxentes de mercantilismo corporativizado estatal disfrazado con diferentes mantras, tales como globalización e libre comercio. Hai un século, durante as primeiras etapas da corporativización de Estados Unidos, estas cuestións debatíanse con bastante franqueza. Os conservadores de hai un século denunciaban o procedemento, describindo a corporativización como un “regreso ó feudalismo” e como “un xeito de comunismo”, analoxía que non é totalmente inaxeitada. Unhas orixes intelectuais semellantes teñen as ideas neohegelianas sobre os dereitos das entidades orgánicas, xunto á crenza na necesidade de dar unha administración centralizada ós sistemas caóticos, como os mercados, que estiveran fóra de control. Vale a pena recordar que, na actualmente chamada “economía de libre mercado”, unha parte moi importante de transaccións transfronteiriñas (que son chamadas, por erro, comercio), probablemente o 70%, ten lugar en realidade dentro de institucións con xestión centralizada, dentro de corporacións e alianzas corporativas, se incluímos as externalizacións (*outsourcing*) e outros mecanismos de administración. Eso sen mencionar outras distorsións de mercado radicais de todo tipo. A crítica conservadora –observen que estou usando o termo *conservador* en sentido tradicional; eses conservadores deixaron practicamente de existir –tivo eco no extremo do espectro liberal/progresista de principios do século XX. Quizais o principal expoñente da posición liberal/progresista fora John Dewey, o gran filósofo social estadounidense cunha obra que estivo centrada, en gran medida, na democracia. Dewey sostíña que as formas democráticas teñen pouca substancia cando “a vida do país” –producción, comercio, medios de comunicación– está dirixida por tiranías privadas nun sistema que chamou “feudalismo industrial” no que os traballadores están subordinados á xestión empresarial e a política se converte na “sombra proxectada polas grandes empresas sobre a sociedade”. Observen que estaba expresando ideas que eran moeda corrente entre os traballadores moitos anos antes. E o mesmo ocorría co seu chamamento a reemprazar o feudalismo industrial por unha democracia industrial autosexpresada. Resulta interesante o feito de que os intelectuais progresistas que estaban a favor do proceso de corporativización estiveran máis ou menos de acordo con esta descrición”.

Off

Nº 20

Off proclama esta semana o seu alegato a favor da sorpresa, a distracción e o escepticismo. Corpos que perdestes os vosos remos, almas que fílastes ao lonxe todas as explosións futuras: avasalar, asoballar, aldraxar, tiranizar, oprimir, vexar, subxugar, verbos amputados do dicionario que a realidade reclama para amosarse verosímil. Pero non. As seZoronas ofrecen tazas de te a catro mil policias e o tempo, di algún pallaso, corre en contra da nosa sociedade. Aqueles que prometeron guiarnos borrar da nosa memoria as amadas ficcións que foron o noso berce e abrazan a Barba Azul baixo as serenitas cedelras. O vento amaina e os nihilistas reescriben a nosa historia xeral ao servizo do mesmo agro. Breogán reparte as últimas bombonas de butano e queixase do malestado dos ascensores. É todo o que resta do maelstrom, do neboeiro primixenio. Daí saímos nós e aí adoitábase recargar as pilas. Off recúsase a crer, a acreditar nesta colmena suicida. Pero o seu espírito salvaxe aínda ama, aínda quere abrir os ollos e loitar, así que fica como bálsamo e como veneno, como gume da barbarie necesaria e lóstrego da civilización posible. Os próximos caníbais erguen fachos na noite e anuncian a súa inminente descida sobre as cidades e os centros comerciais. Preparemos a casa para recibilos... aprenderemos algo do seu instinto natural. Procurade á muller lobo aínda que vos morda.

Última liña. Entrevista a Clarissa Pinkola Estés. *“Como se ve, cada grupo e cada cultura ten o seu propio depredador psíquico natural e sabemos, pola historia, que nas culturas hai certas épocas coas que o depredador se identifica exercendo no seu ámbito unha soberanía absoluta, ata que o número dos incrédulos faise tan grande que obriga a mudar o curso dos acontecementos...”*

CARLOS SANTIAGO




REVISTA DAS LINGUAS VOS

Entre a arte e o mercado



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soledade Nolas. Deseño: Anton Lopo. Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chico Sacane. Infografía: Teresa Tojo. Fran Domínguez e Alberto Rivadulla. E-mail: Rd1@correo.gallego.es



Cita no hiper mercado

O temor de que a crise ideolóxica e económica do 11-S puidese desbaratar ARCO 2002 non se cumpriu: a feira madrileña de arte contemporánea volveu bater récords de asistencia e de vendas. Tamén se consolidou ARCO no panorama como o prototipo de feira de galeristas en sintonía co mercado, precisamente no momento en que o mercado está a difuminar aínda máis as barreiras que poderían separalo da arte. Cun espazo de máis coidado deseño que facilitaba a circulación dos visitantes (case 200.000), ARCO deu mostras de camiñar cara a un espectáculo de masas, co pequeno coleccionista como principal alicerce e escasa participación de galerías internacionais de altos voos. A fotografía volveu ocupar boa parte dos stands pero, ó contrario de edicións anteriores, semella que a imaxinación está comezando a debuxar un panorama de aburrimento e de rutina entre os fotógrafos. A práctica erradicación da pintura e a irrupción no panorama do net-art son só algunhas das características máis significativas da 21 edición de ARCO, onde os galeristas galegos rexistraron unha boa acollida e onde se presentou socialmente ó público internacional o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), que entrará en funcionamento o vindeiro mes de outubro.

é

innegable que o capitalismo neoliberal excita, deslumbra, hipnotiza, fascina, anestesia, arrebatada, desborda... Incansable, vehemente, pertinaz, morboso... A súa apoteose (as grandes superficies comerciais, os centros polivantes de merca, as feiras) provoca no consumidor (o que antes fora un espectador ou un cidadán) unha especie de catarse, de saciedade que —en moitos casos— cae no mesmo campo léxico da saturación: saciedade e saturación unidos pola máxima do atiborrer e o atiborrer acarexado pola plenitude. Non, xa non se trata que os andeis ou os stands exhiban maior ou menor número de produtos (anque o número sexa o canon e a clave que decodifica a realidade actual) ou que os produtos sexan de maior ou menor calidade: sobre o propio produto, debe prevalecer a impresión de que ó alcance das nosas mans temos todo o imaxinable e esibible, sobre todo o que nunca supoñamos (ou soñamos) que existía. De aí, a súa eficacia, o seu éxito: non só é capaz de definir o que existe: tamén o que podería existir, revertido deste xeito nun ámbito máis da súa posesión.

ARCO (a Feira de Arte Contemporánea



A fotografía, a máis poderosa das inconas de ARCO



Stand da galería VGO de Vigo, con obras de Xoán Antelo



A espectacularidade, unha das apostas de ARCO 2002



Obra de Ana Teresa Ortega na galería Bacelos de Vigo



'Javivi, el coche', de Pilar Albarracín, un dos 'projects romms' máis espectaculares da feira

de Madrid) é fiel a estes principios e na súa 21 edición demostra que, a pesar dos ires e vires do coleccionismo, sabe perfectamente adaptarse ás necesidades do mercado: nunca a feira madrileña diversificou con tanta efectividade a súa oferta, atal que —ó contrario de edicións anteriores— nesta do 2002 resulta imposible determinar qué soporte ou qué expresión prevalece por riba doutras: se nos dous últimos anos a fotografía era raíña indubitable, desta volta resulta imposible entronizala sen acodir ó *foto finish*: a competencia písalle as calcadelas.

Esta dificultade vén dada porque, probablemente, a forma creativa actual —bastardeada polo mercado e as teses políticas da postmodernidade— non pode definirse ou caulificarse polas súas técnicas ou os seus soportes, senón polo seu contexto. E aquí, tal vez, si: aquí tal vez encontrariamos un fío conductor que nos permitiría coñecer os vieiros que transita o mercado da arte e, por extensión, boa parte dos creadores que hoxe son *alguén* neste mercado: aí, inevitablemente, enfrontámonos á narratividade. Contar, contar, contar, contar... Por riba de todo, contar... Contar nunha sociedade que se alicerza no principio básico e insoslaible de que só o que conta algo pode ser escollido. Porque, tal vez, o fusilamento da Historia con maiúsculas deixou un baleiro que só pode encherse coa narración, con innumerables historias que, desesperadamente, proporcionan o sedante da continuidade vital e, ó mesmo tempo, neutralicen a maior contradicción da dinámica contemporánea: a imperiosa necesidade da mobilidade nun mundo no que nada debe moverse, no que nada pode moverse, no que a eternidade é esta —nin máis nin menos— e o futuro responde á conexión previsible dos bucles do destino.

[Narratividade]

Narratividade que define exactamente a máis difundida e omnipresente forma de creación das últimas décadas: a publicidade, apuntoada pola fiesta con maior número de receptores de hoxe en día: a televisión, e secundada polo gran espectáculo do cine, máis que nunca ancorado na publicidade como referente. Nesas claves, a narratividade inváde o todo, incluída a arte plástica, que na fotografía encontra o vehículo idóneo para entablar

un diálogo fructífero co resto das linguaxes audiovisuais e aproveitar estas canles narrativas no potencial do seu mercado. Así, ata, mesmo, contaminar o resto dos soportes plásticos —seducidos polo éxito e receptividade da foto— e arrinconar a abstracción —por exemplo— na súa glaciación de silencio. Tamén—por exemplo—o hiperrealismo, incapaz de competir coa eficacia audiovisual se non é retrotraéndose ós campos —admirados popularmente, é certo— da artesanía e a técnica.

En ARCO 2001, deste xeito, moi pouca abstracción, escaso minimalismo —outro mimado na feira madrileña—, desaparición na práctica do hiperrealismo e a erradicación da pintura como sinal de identidade da plástica, iso sen perder o referente de que todo ten cabida na feira e, de feito, todo debe estar representado para que as ausencias non sexan a desculpa de incómodas sospeitas. Pola contra, en ARCO 2001, concesións á arte máis compracente: sobreabundancia de flores, de conxuntos multicolores, de figuración cromática entrañable que non incomoda e cumpre as expectativas da masificación: a maioría nunca debe sentirse excluída: foron case 200.000 visitantes (un trece por cento máis ca na edición anterior) e as transaccións lixeiramente máis voluminosas que no 2001.

[Inflexión]

Na forza creadora da fotografía, sen embargo, detéctanse puntos de inflexión, atezada pola banalización dos contidos, a repetición dos recursos ou a sacralización do seu soporte: o triunfo do soporte sobre a creación: a fascinación que o soporte exerce sobre o espectador, consagrando antes que a propia obra o feito de que a obra sexa unha fotografía. A inflexión tampouco importa: as pegadas da fotografía xa son imborrables no mercado e a súa revolución de narratividade pásalle o testemuño a unha forma de produción máis sofisticada: a rede ou *net-art*. En ARCO 2002, as obras virtuais tiveron, por vez primeira, un protagonismo singular con *ciberchill-out*, onde esta nova expresión (algúns dos seus teóricos prefiren falar de “utopía” no canto de “virtualidade”) deixou patente que a posmodernidade —tan inimiga das vangardas— pode concibir as súas propias “formas de choque”. E utilizamos “formas de choque” —como tra-



Un momento de descanso no maratón da feira



Fotografía da polémica performance que Zhang Huan realizou en Compostela, un dos grandes éxitos da galería Cotthem de Barcelona

sunto de vangarda na versión do militarismo competitivo— porque a *net-art* (de entrada) non ten entre os seus obxectivos “vender” tal e como se entendeu ata agora, principalmente porque a *net-art* trata de desterrar o concepto de artista e instaurar unha nova forma de creación unida estreitamente á produción: artista e obra de arte desaparecen e, no seu lugar, xorde unha especie de operario que non traballa con obras orixinais: o seu produto son “iconas” multirreproducidas, pero non copias: son, simplemente e en por si.

Nos últimos anos, o posmodernismo foi ocupando a primacía entre as filosofías da sociedade globalizada, adherido á expansión neoliberal como a rémora acompañada o tabairón no océano. Por riba de todo —e en contra do que puidese parecer ou das teses coas que se autodefine—, a posmodernidade é profundamente política: o mercado é o sólido chan que xustifica a súa existencia e, a cambio, a posmodernidade convértese na alfombra que recobre a frialdade do mercantilismo cun vistoso atavío cultural.

[Orixinalidade]

O creador, nesta posmodernidade, non se define pola súa obra: os seus atributos son os do mercado e o que máis venda será o mellor. A súa singularidade será a do número de exemplares vendidos e o dos seus clientes (antes lectores). A orixinalidade radicará —por exemplo— nas veces que os seus libros acadaron o número un e o obxecto de estudo por parte dos críticos —se é que a figura do crítico sobrevive á mercadotecnia— cinguírase a analizar o segredo do seu éxito.

E se o artista e a obra de arte deixan de ser pertinentes, máis aínda o obxectivo de atopar ou esculcar na identidade, a individual ou a colectiva, tamén a transformación ou a explicación: o obxectivo da posmodernidade é reproducir, a ser posible a partir do que os seus clientes esperan. Nese sentido, tampouco podemos esquecer que ARCO é unha *feira* e, como todas as feiras, os seus auténticos protagonistas son os tratantes, neste caso os galestas. Os artistas —transformados en mercadorías— son as súas etiquetas, os envoltorios que lles permiten seren identificados diante dos compradores.

ANTÓN IOPO EsOEDADEnoia



'HairCars', de Olaf Røij

Un eloxio do paseo


n

ningún ano deparou, probablemente, expectativas tan incertas como conclusións —ata certo punto— igualmente inesperadas tralo remate da 21ª edición da feira internacional de arte contemporánea ARCO. Pequenas tensións latentes mantiñan un fio de inquietude entre os organizadores e as entidades participantes nesta edición de ARCO que dubidaban repetir os excelentes resultados comerciais da pasada edición. A sospeita dun descenso nas vendas proviña principalmente da difusa situación económica tras dos acontecementos do pasado 11 de setembro e da ameaza dunha aparente regresión que neste mercado se fixo notar nestes últimos cinco meses. Sexa como fose, os resultados, se ben non foron precisamente abraiante, confirmaron o asentamento dun coleccionismo fiel á cita madrileña. Un coleccionismo eminentemente local que progresivamente, vén considerando esta feira como a mellor ocasión para mercar dunha maneira axeitada as obras de artistas principalmente nacionais.

Parece evidente afirmar logo que as condicións deste mercado son sempre fluctuantes e negociables, e non existe diagnóstico realmente definitivo. Non é posible estandarización ningunha. Semella non existir edicións iguais. De aí que este ano, á beira das previsións do sector, mantívose unha tímida progresión dun mercado (o nacional) que vira xa cara a un asentamento real, pero aínda lento. Así, as galerías participantes lograron completar as dificultades dunhas condicións ambientais suficientemente desestabilizadoras, pero coa axuda das adquisicións de novos coleccionistas que compoñen xa o 26% na orde do perfil de clientes que habitualmente deciden adquirir obras de arte contemporánea na feira. Segue aínda pendente a inclusión das grandes corporacións empresariais ou de novos compradores non coleccionistas, que compoñen o 2% e un 4% respectivamente, no eido das compras totais da feira. En resumo, a feira deste ano deixou a partes iguais unha sensación de asentamento maino e risco superado.



'ARCO' tamén tivo espazo para a fotografía con tratamentos tradicionais



Esta edición de ARCO contou tamén con maior espazo expositivo. Tras das críticas recibidas na pasada edición, a organización optou por ofrecer estruturas máis abertas, aumentando en máis de 3.000 metros cadrados a superficie dispoñible. A solución foi permitir unha circulación fluída, con amplos corredores centrais e unha distribución semiurbana que espallaba fractalmente áreas comúns de descanso (incluíndo os particulares Chill outs de Ximo Lizana) nos espazos marxinais dos pavillóns 7 e 9 do recinto feiral Juan Carlos I. Outra solución moi acertada, da man do arquitecto Vicente Salvador, coordinador do deseño da feira nesta edición, foi dividir en diferentes espazos as galerías temporáneas e aquelas que ofrecían propostas máis clásicas. Foi unha feira feita para o paseante, construída para ver e circular con certa comodidade, para rendibilizar traxectos e itinerarios. Estes traxectos foron desta forma, máis líquidos, aínda contando cunha porcentaxe de público un pouco máis elevada que na edición do 2001: preto do 12%. Unha feira, como sinalamos, creada para un espectador heteroxéneo, sen identidade; dende o espectador profesional ó profano máis escéptico, dende o experto erudito ata o iniciado máis ocioso, pero que de calquera xeito non se resiste á invitación de contemplar. Sen embargo, ARCO non pode ser considerada unha cita precisamente cultural, establecida na idea de ser tomada "como unha bienal", máis ben é unha estrutura de ocio sofisticado, de complexa maquinaria comercial ordenada e limpa, atractiva; que aglutina ó público, os artistas e as tendencias máis contradictorias do panorama artístico contemporáneo. Nun mesmo espazo reúnen as galerías comerciais, as manifestacións máis actuais (Projects rooms, net-art) ou as galerías coas ofertas máis arriscadas, que son curiosamente as que manteñen unha certa imaxe de atractivo á feira (Cutting Edge). Un panorama que contribúe a reafirmar a sensación de paradoxo que rodea constantemente á feira.

ARCO contou coa participación de máis de 260 galerías que acudiron dende 31 países (158 estranxeiras e 102 nacionais). Este ano o país invitado recalou en Australia, curiosamente cando a súa imaxe internacional atravesou un dos seus mellores momentos. Artistas como a coñecida Tracey Moffat, David Noonan, Mike Parr, Lyndal Jones ou Philip Brophy, desembarcaron coas súas propostas en ARCO. A precisión da lectura da obra destes artistas resultou un tanto ambigua, e o espectador un tanto atento tiña a sensación de atopar proxectos máis atractivos noutras edicións. O descoñecemento aínda amplo do panorama artístico deste país fixo pensar máis nunha curiosidade exótica que nun descubrimento plenamente artístico. A maioría destes traballos sobrevoan a estética multicultural, moi preocupada polo establecemento real dos códigos dunha arte aborixe na linguaxe contemporánea (Tony Danyala), xunto cun nutrido grupo de artistas que a través da fotografía ou a videocreación sosteñen un reformulamento da imaxe dende unha tradición relativamente recente (David Rosetzky, Daniel von Sturmer, A Constructed World, Destiny Deacon, David Noonan ou Simon Trevaks). Unha oferta relativamente composta por achegas híbridas e heterorreferenciais dunha correcta diversidade.

A feira deixou dende logo, pequenos achados para o paseante paciente e decidido. As ofertas máis interesantes

quedaron relegadas a un proceso que se vén repetindo en tódalas feiras: indagar na procura de "sorpresas eficaces". As achegas máis interesantes foron dispersas e fragmentadas. Dende as galerías que ofrecían pezas de autores xa consagrados como Chantal Croussel (Francia) con obras de R. Tiravanija ou Sean Snyder, Guido Studio (Italia) cunha colección extraordinaria de fotografías de Nan Goldin ou as españolas Elba Benítez (J. L. Moraza) e Juana de Aizpuru (Dora García), ata as pezas de autores menos coñecidos como Ene-Liis Semper (Ileana Tounta), Jeanne Susplugas (Galerie Valérie Cueto) ou as fantásticas fotografías do artista xaponés Matsukage, ocultas entre a fartura visual da feira. Precisamente as achegas orientais (Nobuyoshi Araki, Matsukage) xunto co duro continxente de artistas nórdicos (Olaf Mooi, Elgreen & Dragset, Oslo Kunstall, Miriam Bäckström ou T. Lundebj, entre outros moitos) que afortunadamente teremos ocasión de coñecer en Galicia neste verán participando nunha exposición colectiva do CGAC e dunha forma máis completa na última edición da Bienal de Pontevedra, compuxeron as achegas máis atractivas desta edición de ARCO que transcorreu entre a mestura de espectáculo recreativo e como lugar de encontro cultural.

As achegas dende Galicia foron as habituais nas edicións anteriores. As galerías galegas presentaron ós seus artistas, case todos locais; reafirmando a sensación xeral da feira: normalidade noutra edición máis. Os traballos de Xoán Anleo e Carme Nogueira (Ad Hoc), Mónica Alonso (Vgo) e as fotografías de Jorge Barbi ou as inquietantes pezas de Manuel Bouzo (Trinta) poderían ser sinaladas como as achegas máis interesantes, sempre nunha estrutura practicamente preestablecida e sen excesivas sorpresas. Unha das novidades máis significativas foi a presentación do MARCO, futuro centro da cidade de Vigo, que amosou un importante proxecto de espazo expositivo pero aínda sen liña de contidos definida. Este centro acompañou ó CGAC. e o MACUF. como institucións públicas galegas participantes na feira.

Quedan pendentes aínda algúns aspectos para considerar a ARCO como unha cita de referencia significativa. A ausencia de galerías internacionais de certo prestixio (principalmente norteamericanas) fai desta feira a de menor participación foránea entre as citas internacionais, aínda que nesta edición superou o 60% de participación de procedencia estranxeira. De igual modo, apréciase unha escasa participación de coleccionistas estranxeiros que non rematan de acceder ó réxime comercial español. As deficiencias técnicas e loxísticas non apartado da arte electrónica e net-art ou a definición dun cliente-espectador máis interesado, preséntanse como cuestións menores pero potencialmente significativas. En definitiva, parece non haber feira similar, idéntica. Tódolos anos recóllense novas achegas e afóndase tamén en vellos erros. Todo é cuestión de introspección, de autocrítica cara ó exterior e dende dentro. Coma nun lene paseo: seguir camiñando, adivinando paisaxe, sen esquecer as derradeiras pegadas.

X. i. g.

Off

Nº 21

Pensamentos centroeuropeos


Off visita un territorio sagrado con pasos secretos no Norte de Alemaña e pregunta a certo oráculo teutón sobre unha cuestión crucial. Resposta exclusiva: Linhas rectas? Non existe coñecemento posible na liña recta, sería case como imaxinar un mundo plano, un planeta sen orografía, pura esfera, e aínda así non se podería evitar a curvatura do tempo e do espazo nin a existencia de políticos corruptos. A propia realidade do ser humano é un argumento definitivo. Estranhos seres: insectos que imaxinan un universo aplastante. Canta grandeza nas ás, na alma que sostén o corpo dentro da vida. Será certo que a morte é o cansancio da alma? Por exemplo, escribir con bolígrafo semella un exercicio de sinceridade. Dis que a lentitude do bolígrafo obriga ao pensamento en cada palabra escrita, a certa honestidade. Porén, a antiga tiranía da máquina de escribir e a actual autocracia do computador imponen outros mundos posibles, e daí a necesidade de reinterpretar a perspectiva da verdade e da mentira na literatura, na prensa e no diario oficial de Galicia. Hai árbores que se negan a dar froitos antes de tempo, en contra dos plans de reforma agraria. Ao abeiro desta reflexión dicir a penas que vivimos unha infancia demasiado prolongada e que a imaxe perfecta do optimismo histórico é unha fotografía atopada nun barrio periférico de Berlín na que se mostra a un rapaz de seis meses lendo o Das Bild Zeitung. Hai un tufo insoporable a sensacionalismo por todas partes, pero non se debe mirar para outro lado.

Off ratifica todo o aquí expresado e agarda un pouco de comprensión dos lectores intelixentes que aínda lle restan. *Auf wiedersehen.*

Última liña. Entrevista a Sófocles: "Voume unha vez dito aquilo que viña a dicir, non porque sinta temor da túa face. En ningún caso lograrás destruírme."


CARLOS SANTIAGO Off

RI
revista das letras 406



De fóra virán

Foi como un tremor que abaneou os alicerces do país máis que o triángulo sísmico da serra orientais. A publicación dun atlas lingüístico da UNESCO que coloca a lingua galega entre as tres mil en perigo de extinción fixo tremelar o amor propio de Galicia, sempre escéptica respecto da transmisión e o enriquecemento do idioma. O caso é que este Atlas é unha revisión do publicado polo mesmo organismo a finais dos anos oitenta e que, nos seus puntos básicos, proporcionaba un diagnóstico semellante ó que agora se publica no ano 2002. Sen embargo, a alarma xa está conectada e o mesmo presidente da Xunta, Manuel Fraga, solicitoulle 'con carácter urxente' á UNESCO o material para coñecer de cerca os datos que barallou este organismo dependente da ONU no seu contundente pronóstico.



a

anque houbo nos últimos anos numerosos informes, teses doutorais, volumes patrocinados polas universidades ou as institucións, tertulias radiofónicas, incontables páxinas nos medios de comunicación, campañas publicitarias e manifestacións que trataron de espertar –dun xeito ou outro– a alerta sobre o descenso no uso do idioma galego, non foi ata a publicación do *Atlas das linguas en perigo no mundo* por parte da UNESCO que esa alerta se disparou a nivel social. Foi, sobre todo, a posibilidade de “extinción” dunha lingua familiar, “entrañable” a dicir dalgúns, que envolve os galegos desde o seu nacemento e conforma a xeografía cultural e física do seu contorno. Rexistráronse incluso crises de angustia e esa angustia, en certo modo, acentuouse nos castelanfalantes, de repente somerxidos na revelación de que a “extinción” se produce coa súa complicidade. O *Atlas* foi, de repente, tixola con aceite fervendo que caíu riba das súas cabezas. ¿As razóns? Probablemente hai que buscalas no feito de que o galego se colocase na mesma ringleira do bable e o aragonés, dialectos estes do castelán e, por tanto, falas que non teñen carácter de idioma, un rango que, despois de todo, dá certa prestanza histórica: é frecuente oír cómo numerosos castelanfalantes presumen nas súas conversas de nacer nunha comunidade con idioma de seu, anque eles non o falen. E aí temos o caso do rexedor local da Coruña, Francisco Vázquez, tan amigo do cartón-pedra e inimigo do galego, que a ben seguro lle dedicaría un parque temático á lingua galega e chegaría, incluso, a falala nos grandes cerimoniais se algún día esta lingua deixase de ser unha lingua viva. Para Vázquez, o acento natural –nel especialmente marcado, ás veces ó bordo da parodia– é suficiente para subliñar a procedencia galega no acolector edificio do casetelán.

O rexedor local coruñés a publicación do *Atlas* pareceulle a confirmación das súas teses: o galego non ten a capacidade do castelán para sobrevivir: é unha lingua sen a penas falantes, nun recuncho pequenísimo dun mundo en proceso de globalización que só servirá para pular do castelán e –claro está– o inglés, os únicos idiomas para el verdadeiramente poderosos.

E tanto un argumento coma outro –o dos dialectos e o do recunchiño– son indubitablemente bazas que os reintegracionistas –satanizados desde tantos ámbitos, mentres o acentuista Vázquez é aclamado con vítores polo pobo!– xa

hai tempo que identificaron a situación cos claros síntomas da debilidade do idioma no país. Fronte ós “2.800.000 falantes” ós que se refire Vázquez, os reintegracionistas abren o abano dos máis de trescentos millóns de falantes lusófonos, ou un mapa que brinda ó galego un espazo xeográfico en catro continentes: desde o Brasil de América, ó Mozambique ou a Angola de África, pasando pola Goa ou o Timor asiáticos.

Tampouco se estrañan os reintegracionistas de que o galego apareza nunha situación semellante á do aragonés e o bable: o dato é unha constatación máis da ameaza negra que este movemento lingüístico vén anunciando desde hai décadas: a desaparición do idioma galego na centrifugadora dialectal do castelán.

Índice do cariz desta “revolución” que armou o *Atlas* é o feito de que o pronóstico non se produciu desde tribunas marcadas politicamente nacionalistas ou desde círculos galeguistas, senón desde un organismo tan pouco sospeitoso de “fundamentalismo” lingüístico coma a UNESCO. Porque, fose por desidia ou compracencia, a alarma sobre o futuro do idioma natural do país sempre veu desde as posicións nacionalistas ou desde os foros culturais e científicos unidos estreitamente ó galeguismo –como a Real Academia Galega–, mentres que o silencio ou o optimismo resultou unha constante durante as últimas décadas nos partidos de ámbito estatal, como o dos socialistas, e na propia administración autonómica, que só ultimamente comezou a cuestionar a vitalidade do idioma. Foron vinte anos de existencia da Lei de Normalización Lingüística que, a pesar de avances na visibilidade do idioma, non serviron para fornecer o galego fronte á poderosa maquinaria política, mediática, económica e social do castelán. Máis aínda, os últimos vinte anos na historia do galego marcaron o comezo dunha situación que antes non se dera nunca nesta lingua: o progresivo endelgazamento da súa base de falantes e o vertixinoso descenso do seu uso no medio rural, tradicionalmente canteira e cerne do seu sostemento nos últimos séculos.

Tiveron que ser os propios membros de asociacións lingüísticas galegas os encargados de saír á palestra e defender vitalidade do idioma, se ben todos recoñeceron que estaba “enfermo” e desa enfermidade responsabilizaron ó tratamento erróneo que impronta a política de normalización da Xunta. Sen embargo, ata o director xeral de Política Lingüística, González Moreiras, coincidiu con esta tese, anque as culpas recaeron no seu caso sobre a poboación en xeral, que non lle trasmite o galego ós seus fillos.

A tese, máis ou menos, arrinca (simbolicamente) do *Informe –dramático– sobre la lengua* (1973) do profesor Xesús Alonso Montero, onde xa se anuncia a inminente desaparición do galego, criticado en varias ocasións polo seu carácter pouco realista e o seu decidido pesimismo. Máis recentemente, o *Mapa socio-lingüístico* da Real Academia Galega deu na diana ó salientar, entre as súas conclusións básicas, que as novas xeración non sentían moito interese en continuar co facho do idioma de cara ó futuro.

Neste sentido, o ex presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, mantén posturas diferentes e, como respaldo, exhibe a súa experiencia: a desaparición do galego –asegura– é un tema “tan vello coma min” e xa na súa xuventude, cando estudiaba en Compostela, os galeguistas contemplaban con pavor cómo as rapazas de servir –“baluartes do idioma”– se desprendían do seu idioma para expresarse en castelán. “E o galego nunca se perdeu”.

SOEDADE NOIA E ANTONIO RODRÍGUEZ

A As-Pg e o 'Atlas'

a

publicación por parte da Unesco do Atlas das Linguas en perigo no mundo considera o galego como unha das linguas. É sabido que nun tema destas características, en que os resultados de calquera inquérito ou traballo de campo están suxeitos a máis de unha interpretación, pode levar a que o mesmo obxecto sexa motivo de diagnoses diferentes.

A Asociación Sócio-pedagóxica Galega ten realizado nos dous últimos anos algúns traballos sobre a situación do galego hoxe, traballos que que dará a coñecer en breve e que nos permiten indicar que, afortunadamente, a situación do galego aínda non é e descrita neste informe; máis á falta deles e cos dados que temos hoxe, fundamentalmente despois da publicación do Mapa Sociolingüístico, podemos afirmar, e ademais calquera persoa o pode comprobar, que o uso do idioma galego observábel na sociedade en xeral non é grande, fundamentalmente en certos sectores etarios.

Mais é preciso facer a puntualización seguinte: existe unha grande masa social que sabe moito máis do que

practica. O problema polo tanto situase en como se vai resolver o equilibrio inestable que actualmente se mantén entre o galego e o castelán de xeito que o galego recupere a plenitude de usos propios dunha lingua socialmente normalizada.

A historia ofrécenos casos de linguas que desapareceron, mais tamén nos ofrece casos de outras que ou ben se recuperaron do olvido, caso do hebreo, ou ben revitalizaron os seus usos e hoxe están en franca progresión social, mesmo partindo de situacións moi desfavorecidas socialmente pero contando cun decidido apoio dos organismos pertinentes.

Nos procesos lingüísticos debemos non podemos deixar de ter en conta a evolución dos procesos políticos e sociais; isto aplicado a Europa lévanos a constatar como no último século se camiñou xusto na dirección contraria á da uniformidade política e tamén, en certa maneira, lingüística: durante o século XX o número de Estados en Europa duplicouse, pasando de 23 no ano 1900 a 48 no 2002. Loxicamente, aumentou o número de estados monolingües e linguas que antes eran linguas B, convértese agora en idiomas de Estado.

Quérese con isto dicir que, no caso galego, será definitiva a política lingüística que se leve a cabo para que as nubes que hoxe, é certo, asombran o idioma deixen paso a un sol de normalidade.

A situación actual da nosa lingua obríganos a tomar conciencia e a comprometermos na súa normalización. Debemos ser conscientes de que aínda que a lexislación fose moito máis permisiva, o proceso non avanzaría se non existe máis implicación por parte dos cidadáns e cidadás que temos a responsabilidade, por nos tocar vivir neste momento negativo para a nosa lingua de facer que esta perviva. A política lingüística que se leve a cabo deberá ter en conta a necesidade de implicar os verdadeiros usuarios do idioma no proceso de recuperación de usos.

Do contrario, faremos realidade aquelas palabras de Carvalho Calero, "Por suposto, se o galego non é a lingua normal de Galiza, se ha de ser samente obxecto de estudo ao xeito do inglés, ou sexa se ha de ser tratado como unha lingua estranxeira, toda a historia do galeguismo foi a historia dunha grande frustración, e o pretendido triunfo legal do galego non é senón unha ironía desfeita".

XOÁN COSTAS

Desde Arxentina

Conta a escritora Luisa Valenzuela que o título dunha das súas coleccións de relatos—*Libro que no muerde*—ocurriuse-lle como resposta á famosa frase peronista alpargatas sí, libros no. Nestes tempos funestos pra os arxentinos por culpa da irresponsabilidade dos seus políticos (peronistas ou non), o eslogan paréceme siniestramente absurdo, quizáis porque Arxentina evoca en mín, antes que nada, as lecturas da miña adolescencia.

Moitos lectores emigramos durante os anos 70 a unha Latinoamérica imaxinaria (e gústame pensar que elo axudou a mellorar en algo a Latinoamérica real). Visitamos ó Perú de Vargas Llosa, a Colombia de García Márquez, a Cuba de Lezama, ó México de Octavio Paz, a Arxentina de Borges... Un dos meus recordos máis gratos daqueles anos é a primeira lectura de Julio Cortázar—os seus contos nas edicións de peto de Alianza Editorial—sentado no salón da casa dos meus pais mentres sonaban os discos de Weather Report no vello estéreo familiar. Dende entón, Birdland e o Axolotl apareceron fundidos na miña memoria.

A lectura compulsiva de Cortázar e Borges, entre outros, influíu decisivamente nos meus desexos de escribir. Non só foron algúns dos narradores máis universais da segunda metade do século XX, senón grandes lectores e divulgadores das súas lecturas, algo que o escritor en formación xamais agradece abondo.

Borges descubríume, igual que a tantos outros, un universo de escritores entón descoñecidos pra mín—como Walpole e Schwob—que seguen a contarse entre os meus favoritos.

A Arxentina cultural da miña xuventude opoñíase frontalmente ó salvaxismo da dictadura militar. Era parisina e xenébrina, cosmopolita e ceibe. Encontrábase moi por enriba dos seus indignos gobernantes. Por eso, e pra contrastar coas novas que chegan estes días do outro lado do Atlántico, quixera facer unha pequena homenaxe á Arxentina dos nosos

días na persona da máis interesante escritora bonaerense da actualidade: Luisa Valenzuela.

Luisa Valenzuela é inxustamente descoñecida en España a pesares de ser unha das grandes autoras de relatos da actualidade; quizáis a mellor en lingua castelán. Descoñecemento

incomprensible tendo en conta que viviu en Barcelona e que o máis importante da súa narrativa ven de ser publicada en México por un grupo editorial español: Alfaguara (*Cuentos completos y uno más*, 1998; pódese atopar en Amazon.com a un prezo un pouco elevado).

Luisa Valenzuela é belixerante coa linguaxe ata ó punto que fixo dicir a Borges que mataría a súa nai por un xogo de verbas; pero ela fai bastante máis que xogar coas verbas. Na súa obra atopamos un diálogo cos mellores contistas—o propio Borges, William Carlos Williams, Manganelli, Joyce, Maupassant—destinado a levar adiante un dos proxectos expresivos mais atrevidos do momento. Porque Luisa Valenzuela é unha de esas raras escritoras capaces de subvertir o discurso contemporáneo por medio de auténtica literatura e manterse, formal e intelctualmente, ó ritmo frenético dunha contemporaneidade que desvirtúa de inmediato toda resposta artística. Ela "nunca ten unha resposta—escribe Gustavo Sainz no prólogo do citado libro—, sempre plantexa

unha nova pregunta, sigue a buscar, a literatura sempre está aló lonxe, adiante".

Aló lonxe, adiante, en dez anos, ninguén se lembrará do "corralito", mais non dubiden que si leen hoxe a Luisa Valenzuela, non esquecerán a esta Arxentina.

GERMÁN SIERRA


Útil

O outro día pretendía explicarlle a un meu sobriño, aquí en Madrid, que cousa é a aliteración. Estabamos nunha casa moi pouco provista de material “ad hoc” cando, mira por onde, reparei que na miña mochila viaxaba o ‘Diccionario metodológico de análisis literaria’ (Editorial Galaxia, Vigo 2001) de Arcadio López-Casanova; libro que estes días anda comigo por mor de me ocupar del. Meu dito, meu feito. Xaiña íamos os dous, o rapaz e máis eu, por un camiño aliterativo da man de Iglesia Alvaríño, Novoneyra e García Bodaño. Carlos Domínguez, de Madrid de sempre, nunca tal se vira. E eu sentínme moi confortado de ilustrar coas nosas vellas palabras o descoñecemento en materia de imaxes literarias do cativo. Así que de entrada este volume de Arcadio, exquisitamente presentado por Galaxia, ten un valor práctico, e como tal non será cousa de lelo todo seguídiño, senón petiscando aquí e acolá, ou indo ás entradas correspondentes cando sexa mester. E non obstante eu lin este libro paso a paso, e agora volverei a el cando o precise. Por iso estou en condicións de dicir que se trata dun volume rigoroso e cheo de método (como de Arcadio López-Casanova), mais tamén escrito coa sabencia e amestría literaria que caracterizan ao noso ilustre poeta e estudioso transterado. Naturalmente os autores escollidos para ilustrar cos seus poemas (ou anacos deles) canto aquí se di, forman parte —na súa meirande parte— do máis grande da nosa literatura. Aínda que isto sexa, desde logo, relativo. Hai grandes poetas, com se sabe, que traballan baixo mínimos, con tal escasez de imaxes que fan pouco doado o comentario de textos. Ben ao contrario, existen pirotécnicos que todo o artellan a partir de arsenais metafóricos, que en realidade non pretende senón impresionar ao lector con semellante faramella. Por certo, vou agora á entrada metáfora do volume de Arcadio López-Casanova, e atopo a seguinte definición: Forma (externa) da imaxe (v.) de fundamento obxectivo, baseada na identidade, e que amosa dous tipos direnciados: 1. In praesentia... 2. In absentia..., etc. etc. Para ilustrar a metáfora Arcadio bota man de novo de Aquilino Iglesia Alvaríño, pero tamén de Cuña No-

vás, de Amado Carballo, de Ricardo Carballo Calero. Igual alguén pode pensar que estou esaxerando coas bondades e virtudes deste libreo, obviamente de lectura e consulta obrigadas para quen queira saber o que se coce na análise textual entre nós, pero tamén fora do noso ámbito. Ben, neste caso levamos ao incrédulo á voz Hipérbole, como se sabe “figura de relevo enfático coa que se esaxera a expresión, sexa para aumentar ou ben rebaixar unha determinada realidade”. Aquí atopamos a Joan Airas: Pero tal coita ei d’amor que maior non pod’om’aver. Pero tamén a Rosalía de Castro. E así sucesivamente poderíamos afondar polo miúdo neste libro tan cheo de rigor como de fermosura, e que sen dúbida ningunha (e aínda que algún poda abraiar-se) é do máis ameno. Porque, xa se dixó, ven ilustrado con mostras poéticas, así que a parte de texto científico pode tamén entenderse como unha escolma. Naturalmente o volume (o primeiro dun conxunto que, xa se ve, empeza pola poesía), acompáñase dunha bibliografía impecable, na que a partir de agora entra el mesmo por dereito propio, mais tamén duns índices utilísimos para o manexo dun libro tan académico como de lectura fluidísima, e xa se sabe que ambos termos non deberían ser un oxímoro: “procedemento que, baseándose na equivalencia romántica por oposición (relación de contrariedade (v.), dá lugar a unha expresión pode responder a dous esquemas básicos: etc. etc.”. Ata agora quen quixera poñer un exemplo de oxímoro tiña que citar —un supoñer— o tersiano “Vivo sin vivir en mí y tan alta vida espero que muero porque no muero”. Desde o libro de Arcadio López-Casanova do que hoxe damos noticia podemos citar coa mesma prontitude e exactitude, e maior achegamento e veciñanza a Rosalía de Castro, Amado Carballo, Avilés de TaraMaría Mariño, Cuña Novás ou Luz Pozo Garza. Un traballo, pois, o de Arcadio útil e rotundo.

VICENTE ARAGUAS

O ‘Diccionario metodológico de análisis literaria’ de Arcadio López-Casanova é un volume rigoroso e cheo de método, mais tamén escrito coa sabencia e amestría literaria que caracterizan ao noso ilustre poeta



Novos valores

As veces as coleccións adicadas á promoción diso que chamamos ‘novos valores’ cobran un valor real e deixan de ser unha sorte de segunda división de escritores, ou de peaxe que as editoriais teñen de pagar ás novas xeracións para manter en activo as estradas literarias. Isto acontece, sobre todo, cando esas coleccións serven de plataforma de proxección dunha nova voz, que ten algo diferente que dicir, ou que sabe falar do de sempre dun xeito orixinal. Mais en ocasións o proceso aínda vai máis aló, e esa voz reafirmase, consolídase, e é quen de atopar un espazo propio no campo literario. E xustamente iso é o que aconteceu con Xerardo Quintiá, quen despois de publicar un par de libros na colección *Descuberta de Galaxia* (*Finísimo po nas ás* no 97 e *Unha soa man e outros intres* no 99), entra por méritos propios na colección Literaria, isto é, na colección canónica por excelencia das que a editora vaguesa adica ó xénero narrativo.

Un rabaño de ovellas brancas vai, pois, convivir editorialmente non só con Miranda, Riveiro Coello ou Bieito Iglesias, senón tamén co gran relatista que foi Otero Pedrayo, Don Ramón para case todos nós. Ilustre compañía para quen demostra estar chamado a ser un honesto continuador da xinea dos mellores relatistas galegos. Trece relatos compoñen o volume, que se alternan con doce pequenos textos numerados (denominados polo autor ‘pequenas historias’) que parecen querer ser estampas ou retratos, que ás veces ensaian a estrutura telefónica de Blanco Amor e Suso de Toro, e que outras son case microrelatos, que é unha maneira de chamarlle cun pedante tecnicismo a ese xénero tan noso que é a ‘cousa’ e que intúo está chamado a dar moitos e logrados froitos nas nosas letras. Non consegue sempre Quintiá a equilibrada intensidade perfección que esa fórmula narrativa reclama, pero si que —cando se afasta do corsé que lle impón o paradigma do retrato— logra algúns intres de extrema brillantez, como no remate da *Pequena historia 3* onde non podemos deixar de apreciar a pegada de Castelao, ou no potencial de suxestión narrativa que posúe a carta da *Pequena historia 9*.

Os relatos transcorren todos nun mundo rural galego abalado por infinas contradicións: a da emigración, presentada con espida crueza en *O camión*, a narración que abre o volume; a dos conflitos familiares ocasionados pola propiedade da terra e as irreparables fen-

das que abren; a da dependencia do alcohol e a violencia que chega a xerar; a da falta de expectativas que padecen as novas e as vellas xeracións... Temas pouco amables, mais rescatados do cru exhibicionismo das miserias da condición humana pola ollada solidaria do narrador. Mais é evidente o afán de Quintiá por afastarse dos modelos ruralistas convencionais, mesmo dos ensaiados por algún escritor contemporáneo, encorsetados pola vocación antropolóxica e pola fascinación filolóxica dos seus autores. Así, os vellos temas como a descuberta da sexualidade, o desarraigo, a frustración do sentimento amoroso ou a soidade están tratados dende nós, isto é, dende as nosas particulares formas de vivilos, mais cunha profundidade tal, cunha ollada tan honesta e desprexuzada, que se convierten en pequenas metáforas da condición humana e acadan de inmediato unha transcendencia e un valor universal que sospeito outras literaturas non tardarán en descubrir.

En canto ó título, intertextualizado nalgúns dos relatos, Quintiá xoga a fomentar con el unha dobre lectura. Por unha banda, constitúe sen dúbida unha referencia inconfundible a ese mundo rural que é o verdadeiro protagonista da obra, mais por outra as ovellas son unha invitación a soñar e a deixar voar a fantasía, coas súas connotacións de pureza inmaterial. É por iso que o rapaciño lscar de *¿En que sitio do ceo?* entende que as nubes son as ovellas de Deus, e o finado do seu avó o pastor que as garda, de xeito que a morte perde así o seu carácter definitivo e inexplicable e pasa a ser unha viaxe ascensional por medio da cal o ancián se afasta das súas duras condicións de vida para converterse nunha etérea compañía para o seu neto, unha viaxe que a vella Relatora da narración que pecha o volume tamén está disposta a emprender. Xa que logo, un uso ben distinto do valor referencial que a ovella cobraba no *Fridom spik* de Jaureguizar, onde o animal real era, para unha nena urbana, o trasunto da caixa de Norit que a súa nai usaba para lavar. Quizais sexa iso o que afasta a Quintiá da visión do mundo bravú, co que comparte a vontade de reafirmación étnica: a vontade de elevar a ollada cara ó ceo, negándose a ficar atrapado nunha caixa de deterxente.

dOLORES VILAVEDRA

Rivas, no U.K.

Manuel Rivas segue o sinxelo consello de Raymond Carver sobre a escrita: "entrar e saír. Non te deteñas. Continúa". En só catro páxinas, *Vermeers Milkmaid* pode parecer excesivamente breve para darlle o seu título a esa gloriosa colección de contos, pero nela Rivas compirmiu algunhas anécdotas poéticas que se amosan como enseñas da súa arte, a súa herdanza galega e as súas emocións.

Este conto é unha lembranza da nai do autor, unha leiteira dunha zona deprimida da Coruña. Alí, el xogaríase no lixo cos cascaduras, que representaban o corpo de voluntarios dun exército inimigo. Trinta anos despois, o autor peregrina ó Rijksmuseum para ver *Os comedores de patacas* de van Gogh, no que "o vapor do prato quente de patacas subre cara á lámpada e ilumina as caras dunha familia de campesiños, que contemplan o alimento sagrado, o humilde froito da terra, con fervor".

A continuación, tropeza ca *Leiteira* de Vermeer, o luminoso personaxe no que il recoñece claramente a súa nai. A arte de Vermeer atrapou a muller de tal xeito que o autor chega a intuír máis profundamente a historia dela e a súa propia historia.

Rivas captura aqueles detalles esenciais das vidas modestas que funcionan como prismas, derramando luz nas oreas inesperadas. Observa os personaxes na pobreza, exuberancia e esperanzas, na fantasía e a frustración, na xenreira e na fuxidam, cun respecto que dá réplica á cualidade mística da luz de Vermeer. Vermeer esculca esa famosa luz no seu retrato co leite da cántara da leiteira, reflexión a autor. E do mesmo xeito, Rivas subtilmente búrlase das bolboretas da luz a partir da sinceridade nada dramática da súa procedencia rural.

Rivas naceu no porto galego da Coruña. A implacable lonxanía desta provincia española do noroeste ocupa a primeira metade destes dezaseis contos. Apurando os vasos de viño do Ribeiro nun bar local, collendo o marisco entre marea e marea ou perseguindo un amante salvaxe que vive nas carrasqueiras, o vento que varre a paisaxe campesiña alimenta os seus habitantes, sexan traballadores ou médicos.

The Blue Orchestra atoupiña no seu poento recanto en *Saxophone in the Mist*, cheo de lagartos e tabaços, que me recorda a contrariada señora Yeobright a través de Egdon Heath en *The Return of the native*. Pero ó contrario de

Hardy, Rivas non permite que o campo domine os seus personaxes, só a usa para contextualizalos. Na segunda metade, os seus contos van gradualmente afastándose da vila como punto central para suxerir aspiracións máis amplas.

Traducido con tinxes líricos por Jonathan Dunne, Rivas é un dos poucos autores en galego que conta con difusión entre os lectores europeos. A súa primeira novela, *The Carpenter's Pencil* trataba dos fermosos recordos duns amantes destrozados polo conflito na guerra civil española. Sería fácil para Rivas aliñarse a favor ou en contra dos independentistas galegos, pero non o fai.

Un conto, *Butterfly's Tongue*, explora a hipocrisía brutal que enxendrou a guerra; só outra, *The Girl with the Pirate Trousers*, utiliza o conflito como tema. Rivas, de xeito intelixente, dálle un xiro á ficción para centrarse na intervención da protagonista, en vez de facelo na propia emboscada dos guerrilleiros.

Este estilo directo da última metade de *Vermeer's Milkmaid*, onde as historias gradualmente perden o seu ámbito galego e se centra máis nas cualidades morais que nas tramas. Tal vez, a máis satisfactoria é *A white Flower for Bats*, na que un estricto policía, cun talento case metafísico para osmar a corrupción, consegue seguir as pegadas dun narcotraficante a través das ansiedades da súa atoutelada e vella nai. No canto de arrestal coa suavidade dun Clouseau, o policía amoesta o traficante para que se ocupe máis da súa nai.

Os obxectos, unha reconstrución case negra dun crime paional desde a perspectiva dos mobles dun cuarto, podería cualificarse como o tipo de innovación formal que Raymond Carver desprezaba. Pero mesmo Carver quedaría impresionado por *Yoko's Light*, a tenra historia dunha migración económica que trastoca a estabilidade dun neno ata que se ve envolto, de novo, na apreta espiñeira, compasiva, do seu queixoso pai.

JAMES URQUHART

Crítica aparecida no xornal británico 'Independent'. A tradución foi realizada por Amalia Salvado para rDI.

Carter



Desta volta, *As Literatas de Xerais Peto*, colección que logo de lermos estouiro libro non habemos de louvar abondo, tiran en tradución galega de Xela Arias e Xabier Muguerza, cun liníar, preciso mais se callar breve de máis, de Teresa Caneda, a obra dunha escritora coñecida pola súa "crítica recorrente das construcións sociais e a súa revisión radical dos mitos culturais, as convencións e os canons que rexen o pensamento occidental". Trátase de Angela Carter (1940-1992), unha das autoras (e autores) ingleses de máis recoñecido prestixio entre as fileiras do posmodernismo literario e que, ó noso parecer, podería estar entre os precursores de algún autor tan próximo coma Xurxo Borrazás, empregando o termo no senso de que o novelista galego crea –para o lector galego, que o puldo ler na súa lingua antes ca a Angela Carter– os seus propios precursores "culturais" para os seus lectores "naturais". Por iso *Venus negra* non nos é estraña, nin allea, todo o contrario, xa forma parte da nosa tradición. Velaquí, pois, un criterio que pode ser afinado á hora de seleccionar títulos para traducir.

Seica Jeanne Duval, maitresse de Baudelaire, inspirou un mangado de poemas de *Les Fleurs du Mal*, entre eles o magnífico *Les Bijoux*, no que se basea Angela Carter para escribi-lo primeiro conto, que tamén dá título ó libro, de *Venus negra* (*Black Venus*, 1985). A autora sitúa o lector no apartamento parísino do poeta, pero a narración –que se refire en todo momento ó contexto do poema máis arriba aludido (intertextualidade, Caneda alude á Kristeva no prólogo), poema no que se describe a mulata Duval a bailar espida, adobiada só polas súas xoias ("Elle n'avait gardé que ses bijoux sonores") perante Baudelaire (que confesa: "*j'aime à la fureur / Les choses où le son se mêle à la lumière*") –, permanece no seu desenvolvemento ancorada, para nós, na excesiva rémora literaria do poema e no intento, fascinante, case heroico, de Angela Carter por desmontar, mediante o artificio dun único conto, todo o sistema simbólico que, sobre a muller como obxecto, se expresa e consagra nunha obra poética polo de agora incontestable. Poida que por iso o conto estea a piques de naufragar pero, contra o final (páx. 37), sálvase, pois nun parágrafo no que se narra como o fotógrafo Nadar, "un ano despois de que Baudelaire morrera, xordo, mudo e paralítico" (victoria da sifilis que lle contaxiara a súa amante, que acaba co poeta pero non dá acabado coa súa obra, o mesmo que lle acontece ó conto de Carter), viu a Jeanne Duval "coxeando con muletas [...], perdera os dentes e [...] podíase ver que lle caera a famosa melenas. A súa cara había asustar os meniños", nese parágrafo dáselle ó lector un lapxexo da traxica intensidade da vida desta muller, inmortalizada pola poesía, tamén pola pintura (existe un retrato seu por Manet), pero que por iso mesmo non se deu librado (malia o final que a autora engade á historia) da súa condena, o seu destino de muller (¿fatal?).

Angela Carter repite rexistro biográfico en *O gabinete de*

Edgar Allan Poe, narración maxistral na que se esculca na infancia do escritor norteamericano para decubri-la xénese do seu mundo imaxinario na fantasmagoría do teatro, era fílo de actriz, e que ten no seu interior quer fragmentos excepcionais coma ese "Testamento da señora Elizabeth Poe" quer falcas da mellor retranscra que nos lembran Dickens (a dona de Poe ten uns dedos "longos e delgados, tan perfectos e céreos que se había poder acender lume nas puntas") ou intuicións xenuinamente literarias ("certas noites de verá [...] cálidas, farchendosas, azuis, suaves noites que os escravos trouxeron con eles desde África, tempo no que fermenta a música do exilio") xunta ecos doutros contos deste mesmo libro (Poe "prende arteiro no lume unha candeia en forma de frauta feita cun manuscrito [seu] dobrado" o mesmo que Jeanne Duval usa para prende-lo lume os poemas desbotados por Baudelaire).

A autora tamén manexa variados tipos de narrador, brincando ás veces dun para outro no mesmo conto, cunha facilidade que o lector agradece e cunha arte que se bota de ver sobre todo nos que é o propio personaxe o que conta a súa historia, como acontece en *Nosa Señora da Masacre*, onde a protagonista, logo de ser condenada por un roubo na Inglaterra do século XVII, é desterrada a sufrir condena na América do Norte e alí acaba vivindo nunha tribo de indios algonquinos, ou en *O neno da cocíña*, ese conto, moi próximo ó imaxinario de Cunqueiro, no que o uso do francés como idioma culinario atangue cumes literarios inauditos e no que a literatura é a infancia recuperada, si, pero nunha cocíña do campo inglés onde "a néboa se ergue por riba dos páramos coma o vapor dun consomé". *Venus negra* ofrécenos reelaboracións de mitos literarios coma o do shakespeareano *Obertura e música incidental para o Soño dunha noite de verá* (cómpre non esquecer *A Raiña das Fadas*, a versión musical de Purcell), un conto no que Carter fai un pequeno pero marabilloso excursio sobre as diferencias entre o bosque inglés, civilizado e inzado de camiños, e a fraga nórdica, lugar de mortos e meigas; revisións de historias reais que acaban sendo contos populares tal o caso do parricidio cometido por Lizzie Borden a fins do XIX, narrado aquí cunha acedume crítica abofé que ben sa, ou o de *Pedro e o lobo*, ategado dun pavor próximo "á vertixe da liberdade".

Reelaboracións ou revisións que veñen sendo unha "transvaloración de tódolos valores" nietzscheana levada ó mundo da literatura, de tal maneira que o lector galego pode ter agora nas súas mans un deses libros que dá xenio ler, non só polo que teñen de "calidade literaria", que ter, tena, ou polos seus "valores", senón máis ben por todo o contrario: por ser beleza rara, pouco frecuente, oposta á común, unha perla negra da literatura.

HADRIÁN IOURE O

Perozo: “Quero provocar”

C

ómo naceu Martázul? Naceu, en palabras do autor, porque “a propia creación é algo máxico”. E naceu observando nun cristal as mulleres que estamos, máis ou menos, entre os 20 e os 30 anos. Estamos liberadas, vivimos alegremente o sexo. Somos, nas palabras do autor que nos mira, “donas da nosa sexualidade, da nosa economía e do noso intelecto”. Acabou o tempo de que as mulleres miren “baixo”. Agora miramos “alto”.

Eu entusiasmeime coa lectura desta novela, chea de historias apaixonantes e románticas, e de palabras limpas, intelixentes, vivas. Pareceu-me unha novela “femenina e feminista” aínda que a persoa que a fixo non se sinte identificado con ningunha destas “etiquetas”. En todo caso, é unha novela de amor á muller, eso penso. E é tamen un grande canto á liberdade das persoas en xeral. Sacar os corsés que nos apretan e poder berrar. Escapar dos círculos pequenos e perfectos e abrir unha espiral de fantasía, camiños por onde a muller pode andar, o sexo como un gran mural de naturalidade e valentía.

Xosé A. Perozo chega moi puntual á nosa entrevista. É un home elegante de mirada excéntrica. Conversamos e a súa palabra é precisa e sinxela. Está profundamente contento pola boa acollida que tivo dende un principio o seu último libro. Está tan contento que parece que todo o que di dende a ilusión e o entusiasmo. En ningún momento pretendeu “escandalizar” a ningún coa súa novela. Sí quixo “provocar”. “Provocar é unha das poucas premisas que me plantexo cando vou escribir unha novela” afirma Perozo. No sentido de que o que escribe lle “chegue” á xente, que lles guste ou non, pero que non os deixe indiferentes. Activar o mundo e as consciencias. Mover un pouco a realidade. Romper a vida.

Martázul consegue, coa súa forma de ser, sorprenden ao lector. De forma xeral, o autor confirma que “gusta máis ás mulleres que aos homes, e sobre todo ás mulleres máis novas”. Os homes teñen un pouco de medo ante nós, as mulleres actuais, as martázulis incomprendidas e valentes.

“Non é unha novela de personaxe” di o autor, pero tamén confesa que todos falan da muller nova e libre do seu libro, e que por tanto “parece que o personaxe acabou comendo á novela, impoñéndose”. A protagonista do libro é un ser maravilhoso, aventureiro, libre e natural. E chea de engado.

O libro é unha longa reflexión sobre as relacións entre as mulleres e os homes. As mulleres, grandes. Os homes, pequenos. No sentido de que, como él afirma, “os homes perderon uns roles determinados e en vez de alegrarse non o asumen, nin os da miña xeración nin os máis novos”. E engade que “son miles de anos de tradición de machismo e eso é algo que non é fácil cambiar”.

O home, por tanto, está desorientado, na medida en que a muller toma conciencia de seu. Ante él levántase unha muller nova ante a que non sabe ben como actuar. A muller, pola súa parte, vive, sangra, corre. Martázul é unha auténtica “vividora”, algo que antes non lle estaba permitido a unha muller.

E o sexo envolve a novela, como aire gris, como un soño. O sexo como un teatro de sentimentos. O sexo como unha forma de escapar do real. O autor pregunta e contesta: “Cal é o aspecto do ser humano de máis exercicio de liberdade? É o sexo”. E por eso a relixión, dende sempre, castrou ese espazo de liberdade. Sobre todos nós pesan miles de anos de cultura xudeo-cristiana chea de “hipocresía”. Perozo, como escritor, considerou que “se eu quero contar como son as miñas personaxes non lles podo quitar o aspecto sexual”. Hai que destapar a nosa intimidade escondida, abrir as portas do noso ser, berrar.

No libro hai tamén constancia dunha profunda ruptura xeracional. Martázul rompe “co mundo pequeno-burgués” no que naceu. Ela “non ten aspiracións burguesas, non aspira a ter nada, non é consumista, ela vive”. Escapa dunha vila abafante para ela e marcha á cidade. Ás cidades, xa que viaxa moito. O libro énchese das súas viaxes. Hai sensación continua de viaxe física e viaxe interna. Perozo afirma que “eu sempre creín nas viaxes iniciáticas. Sempre estamos viaxando, todos, aínda que vivamos sempre no mesmo lugar e fagamos todolos días as mesmas cousas”. O obxectivo primeiro é último das viaxes de Martázul é “aprender”. Ela ten unha curiosidade inmensa pola xente e pola vida. “Cando deixamos de aprender deixamos de vivir” argumenta Perozo.

Martázul ten unha cámara fotográfica que leva a todas partes e coa que rouba caras, xestos, vidas, historias. Martázul é maravilhosa. Unha nena mala que se escapa do mundo. Unha muller contenta de ser muller e de non ter prexuízos. Ten aventuras con homes e mulleres, dun xeito libre, natural.

Hai unha separación entre ela e o mundo. Ela non pertence ao mundo. Hai unha ruptura feminista coa Historia, co pasado. Hai unha fractura. Unha distorsión de “como debe ser unha muller”. Unha muller non debe ser de ningún xeito concreto, pode ser como queira, podemos ser como queiramos e facer o que nos apeteza. Liberar o sangue sucio dos nosos poemas.

Hai un momento no libro en que Martázul se namora e busca unha relación estable e monogámica e feliz. Quere asegurar o amor, coutar o amor, busca dalgún xeito unha boda. Falo co autor desta parte do libro, que me chamou a atención, e él dí que “é unha tentación na que todos caemos algunha vez, por presión social”. Refírese a esa ilusión de “perdurar nunha relación”. Perozo fala dende o desencanto cando di que “pretendes ser así feliz e estás caendo nunha mentira, porque é imposible”.

O libro ten e tivo dende un principio moitos lectores. Moitas lecturas diferentes. “A miña xeración fíxase moito no entramado político e asústase con Martázul. Dos 30 anos para abaixo hai unanimidade, a todos lles gusta a novela e a personaxe, creo que conectei moito con esa xeración” afirma moi contento o autor.

As personaxes principais da novela son moi “cultas”, por decilo dalgún xeito. E hai diálogos e reflexións fermosísimos, cheos de filosofía e beleza, cos que disfrutas moito lendo. O artifice deste “xogo” literario, Perozo, afirma que está moi interesado na lectura de ensaios e libros de Historia. E tamén, como xornalista, trata sempre de reflexionar sobre o que lle rodea, a pesares de que “a veces, como xornalistas, non temos nin tempo pra reflexionar”. Ese exercicio de reflexión sobre múltiples temas está moi presente na novela.

Martázul é un personaxe tan vivo, tan cheo de frescura, tan dinámico, tan rompedor que ao autor ningún lle fala dos outros personaxes, nin da estrutura da novela, nin dos acontecementos da novela. Todo o mundo lle fala de Martázul. Esa rapaza intelixente cun sentido da antinaturalidade extraordinario. Esa rapaza atrevida, desposuída, alegre e triste, que vive na casa do sexo instalada de forma natural.

“Martázul é un putón” díxéronlle ao autor, e eu non entendo o comentario, feito de forma despectiva. Parece que a muller non pode ser libre co seu corpo. Parece que a muller non pode romper o que está definido. Que non pode amar. Que non pode correr. Que significado ten a palabra “putón”? preguntome. Eu, que sempre digo que son unha puta. Eu que me revelo puta nos ollos tímidos e cansos que teño. Eu que sangro nas bragas cada día como unha rebelión constante de moitos poemas.

Eu alegreime de ler este libro. De sentirme aberta. De abrir as cancións. De danzar no sexo. Alegreime de que “Martázul” sexa unha novela escrita con amor á muller. Os tempos mudan e as mulleres decidimos saír dos cárceres nos que estamos metidas, atadas. E bailamos como putas ante os homes, extrañados, e ante a noite, que nos comprende. Bailamos tristes desatando os nosos corazóns e os nosos corpos. Berramos. Coremos. Somos libres.

Palabras intelixentes, limpas, vivas. Así lin a novela de Xosé Antonio Perozo ‘Martázul’, coa que gañou o Premio Blanco Amor e que, nos últimos meses, se converteu nun dos éxitos editoriais da Literatura galega. ‘Martázul’ é unha novela de amor á muller e un grande canto á liberdade das persoas en xeral. Sacar os corsés que nos apretan e poder berrar. Escapar dos círculos pequenos e perfectos e abrir unha espiral de fantasía, camiños por onde a muller pode andar, o sexo como un gran mural de naturalidade e valentía.